

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 11 de abril de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día once de abril de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(324).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 27 de marzo de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(325).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA DO 27.03.14 POLA QUE SE APROBA O PADRÓN FISCAL DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2014. EXPTE. 45374/511.

Dáse conta da Resolución da concelleira de Economía e Facenda do 27.03.14, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de outubro de 2011 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de outubro de 2011)

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos de data 25 de marzo de 2014 e Informe da Intervención Xeral de data 26 de marzo de 2014.

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2014 que comeza coa inscrición do vehículo matricula 0554 BBB e remata coa inscrición do vehículo matricula ZA-41442-VE, polo importe total de 14.881.616,22 euros (Catorce millóns oitocentos oitenta un mil seiscentos dezaseis euros con vintedous céntimos), correspondentes a un total de 173.980 vehículos.

2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a 1.116 vehículos de titularidade de discapacitados que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2014 na columna B.FISC e cota 0".

3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 1.992 vehículos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2014 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente".

4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 29 vehículos eléctricos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2014 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente".

5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 9 vehículos híbridos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 a) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada "2014 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente".

A documentación xustificativa dos anteriores acordos de aprobación de beneficios fiscais que figuran nos apartados 2, 3, 4 e 5 anteriores consta en expedientes individuais nas dependencias de xestión tributaria deste imposto e, así mesmo accesible aos interesados a través da "carpetá cidadá" da web do Concello.

6.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral"

7.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(326).- SUBVENCIÓN A FOMENTO DE CENTROS DE ENSEÑANZA S.A. PARA OS GASTOS OCASIONADOS POLA PARTICIPACIÓN NO TORNEO FIRST LEGO LEAGUE (FLL) EN BURGOS. EXPTE. 10984/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.03.14, o informe de fiscalización do 20.03.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, 20.02.14, conformado pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1. "Conceder a Fomento de Centros de Enseñanza S.A (A-28126597), unha subvención por importe de 1.010 € en concepto de axuda para os gastos ocasionados pola participación no torneo de FIRST LEGO League (FLL) en Burgos, e isto con cargo á partida 912.0.489.00.04 (Outras Subvencións), do vixente orzamento, ou bolsa de vinculación, o que non afecta ao normal funcionamento do servizo.
2. Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
3. Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducirán na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.
A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.
4. A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.
5. A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención ate o 20 de Maio, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.
A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.
As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1619/2012, de 30

de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado

motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6. Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social mediante os oportunos certificados acreditativos..
7. O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
8. De conformidade co establecido nos artigos 11c,30 da LSG as facultades de comprobación do proceso de xustificación e, de seguemento e comprobación das actividades subvencionadas propostas , solicitadas por Fomento de Centros de Enseñanza S.A , serán competencia do servicio de relacións públicas e protocolo da Alcaldía.
9. Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.
10. Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.
11. O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e de máis actuacións previstas na Lei de

subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos dacordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

12. O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

13. No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexerá pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.”

4(327).- **DAR CONTA DE SENTENZAS E AUTOS.**

Dáse conta das seguintes Sentenza e Autos remitido por Asesoría Xurídica:

a) Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo no P.O. 1238/2012 (e 1147/2013 acumulado). Demandante: D^a M^a ISABEL PÉREZ RODRÍGUEZ. Diferenzas salariais. Estimada a demanda. Expte. 7938/111.

b). Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 286/2013 P.A. Demandante: D. PEDRO F. DÍAZ TORRES. Obxecto: Resolución do 17.9.2013 desestimatoria rec.reposición contra sanción de tráfico. Estimado o recurso. Expte. nº 8280/111

c) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 5/2014 P.A. Demandante: D. IVAN BAO FERNÁNDEZ. Obxecto: Resolución do 4.10.2013, desestimatoria do rec. reposición contra sanción de tráfico. Desestimado o recurso. Expte nº 8375/111

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 12/2014 . Demandante: D^a ESTEFANÍA VALCÁRCEL FERNÁNDEZ. Obxecto: sanción de tráfico. Estimado o recurso. Expte nº 8389/111

e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.O. Nº 110/2011. Demandante: GOC, S.A. Obxecto: “Silenzo administrativo” a

reclamación do 21.2.2011 en relación coa redacción do Proxecto técnico de aliviadoiro colector rúa Colón. Estimado o recurso. Expte. 6981/111.

Sentenza do TSXG, Sala do C-A no rec. apelación nº 4518/2013 interposto polo CONCELLO DE VIGO contra a devandita Sentenza. Desestimada a apelación.

f) Sentenza do X-Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.O. Nº 111/09. Demandante: D^a JOSEFA de la CAMPA FALQUE. Obxecto: Desestimación presunta de escrito do 26.6.2007. Mercado do Berbés, postos de venda nº 30 e 54 (Expte.: 18114/240) Desestimado o recurso. Expte. nº 5516/111

g) Sentenza do Xulgado do Social nº 4 de Vigo no Procedemento 1181/2013, Despedimento obxectivo individual. Demandante: D^a VERÓNICA COSTAS RODRÍGUEZ. Obxecto: Despedimento obxectivo por GALAICONTROL o 18.09.2013 por causas económicas. Desestimada a demanda. Expte. 8275/111.

h) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A P.A nº 302/2013. Demandante: D^a SANDRA COSTA ALVARELLOS. Obxecto: Resolución do 30.9.2013. Procedemento sancionador Contaminación Acústica (cafetería R/. S. Badía, 260 baixo). Arquivado o recurso por caducidade. Expte. 8337/111.

i) Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo. Procedemento 20/2013 (Despedimento). Demandante: D^a EMMA DÍAZ LÓPEZ. Obxecto: Remate de "bolsa" de Turismo o 18.11.2012. Estimado parcialmente o recurso. Expte. Nº 7744/111.

Sentenza do TSXG, Sala do Social, no rec. Suplicación nº 3609/2013 contra a devandita sentenza. Desestimado o recurso.

k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº PA. 5/2014. Demandante: D. JULIAN HERMOSO VAZQUEZ. Resolución do 22.10.2013. Sanción de tráfico estacionamento irregular. Estimado o recurso. Expte. 8405/111.

l) Sentenza do X. do Social nº 2 de Vigo (Reforzo) no procedemento 10/2013 (Despedimento). Demandante: D^a NATALIA BARREIRO FIDALGO. Estimación parcial. Expediente nº 7785/111.

Sentenza do TSXG, Sala do Social no rec. de suplicación nº 4079/2013 interposto polo CONCELLO DE VIGO . Desestimado o recurso.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº PA. 3/2014. Demandante: CIVISGLOBAL S.L. Resolución do 14.10.2013 (en

reposición). Responsabilidade patrimonial (imputación á contratista), caída na rúa en obras. Desestimado o recurso. Expte. 8361/111

n) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.A. 287 / 2013 Demandante: D. EMILIO DOMINGUEZ GIL. Resolución do 9.8.2013. Responsabilidade patrimonial, caída na rúa pública (alcorque sen árbore). Desestimado o recurso. Expte. 8335/111

o) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.A. 288 / 2013. Demandante: D. IAGO FERNÁNDEZ PAMPÍN. Resolución do 4.9.2013. Responsabilidade patrimonial, accidente de moto na beirarrúa. Estimado en parte o recurso. Expte. 8403/111.

p) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A P.A. 12 / 2014. Demandante: D^a M^a JOSEFA LÓPEZ LÓPEZ. Resolución do 31.01.2013. Responsabilidade patrimonial por caída na vía pública . Desestimado o recurso. Expte. 8404/111

q) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 15/2014 P.A. Demandante: CARLOS LEIRÓS ORGE. Obxecto: Desestimación expresa de solicitude de incremento de retribucións por desenvolver funcións de superior categoría. Desestimado o recurso. Expte. 8393/111

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(328).- SEGUNDA RESOLUCIÓN DE AMES (AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES) CURSO 2013-2014. EXPTE. 87963/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.03.14, e de acordo co informe-proposta da técnica Responsable do Programa de AMES, do 3.03.14, conformado pola xefa do Servizo de Política de Benestar, o xefe de Área de Política de Benestar, a concelleira-delegada de dita Área e pola concelleira-delegada de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Estimar e desestimar as reclamacións segundo a proposta da Comisión de Valoración, dacordo co anexo 1.

SEGUNDO.- Aprobar o listado que se achega correspondente ás solicitudes de axudas de comedor da modalidade B, excepcional, que se integran na lista de agarda actualizada, dacordo cos anexos 2 e 3

TERCEIRO.- Comprometer o gasto de 70.000 euros con cargo o crédito disponible da aplicación orzamentaria 2310.481.00.00, e non con cargo ao A nº 2014-2571 da aplicación orzamentaria 2310.481.00.00 co que se dará cobertura ao pago de tódalas axudas municipais de comedor do curso 2013-2014 que integran á lista de agarda.

ANEXO 1

NEYDER OBED PEREZ CASTAÑO	SE LE REQUIRO DOCUMENTACION A OTRO DOMICILIO	REVISION: ACEPTAR RECLAMACIÓN, SE LE REQUIERE DOCUMENTACION, SOLICITUD ACEPTADA
Mª ANDREIA MOREIRA NUNES	SOLICITA REVISIÓN: EN LISTA DE ESPERA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACIÓN CORRECTA EN LISTA DE ESPERA
TANIA DOMINGUEZ GONZALEZ	SOLICITA REVISIÓN: EN LISTA DE ESPERA	REVISIÓN: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA EN LISTA DE ESPERA
REYES GONZALEZ MENDEZ	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACIÓN CORRECTA
ANA Mª PABLOS PEREZ	SOLICITA REVISIÓN: EN LISTA DE ESPERA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA YA CONCEDIDA
ANA LOPEZ DAFONTE	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
JOSE IGNACIO GARCIA RIVERO	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA SOLICITUD FUERA DE PLAZO
BEATRIZ BRAGADO ALONSO	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
PATRICIA GONZALEZ DOMINGUEZ	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
ANDREA DIOS FERNANDEZ	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
SUSANA MONTES SANTOS	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
LUIS MIGUEL LAGO COSTAS	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
MERCEDES PRIETO GRANJA	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
MARTA MENDEZ VILLAVERDE	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
MONICA SANTIAÑEZ CIPITRIA	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
Mª ENCINA CAMPOS REBOREDA	SOLICITA REVISIÓN: EN LISTA DE ESPERA	REVISIÓN: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA EN LISTA DE ESPERA
YOLANDA PEREIRA NOCEDA	SOLICITA REVISIÓN: EN LISTA DE ESPERA	REVISIÓN: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA EN LISTA DE ESPERA
PAULA FERNANDEZ ACUÑA	SOLICITA REVISIÓN: EN LISTA DE ESPERA	REVISIÓN: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA EN LISTA DE ESPERA
ZAIDA SUAREZ VAZQUEZ	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
ANA ELISA CASADO PUJOLS	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
JAIME RODRIGUEZ TORRES	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
NOA RODAL DE LA CAMPA	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
AURORA ALVAREZ RODRIGUEZ	SOLICITA REVISIÓN: EN LISTA DE ESPERA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA YA CONCEDIDA
ANDREA PEREZ DE LA FUENTE	SOLICITA REVISIÓN: EN LISTA DE ESPERA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACIÓN CORRECTA YA CONCEDIDA, LIBROS EN LISTA DE ESPERA
CELSA VAZQUEZ MARTINEZ	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
Mª TERESA REGUEIRO SANJUAN	SOLICITA REVISIÓN: EN LISTA DE ESPERA	REVISIÓN: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA EN LISTA DE ESPERA
JOHANNA ROMERO ARIAS	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
Mª JORGELINA ROLON FIGUEREDO	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
ROBERTO CHAMADORA BETANZOS	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
JESSICA IGLESIAS POSEU	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACIÓN CORRECTA, NO APORTO DOCUMENTACION REQUERIDA
ENRIQUE RABASA PEREZ	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
MARTA GAYOSO FRANCISCO	SOLICITA REVISIÓN: EN LISTA DE ESPERA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
ANA Mª GIL LLORENS	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
TANIA BRAVO HERNANDEZ	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: DENEGAR RECLAMACIÓN, VALORACION CORRECTA
TDÁ DRAME	SOLICITA REVISIÓN: CONCEDIDAS	REVISION: NO SE EXPLICA ESTA RECLAMACION TIENE TODO CONCEDIDO
LUA VILA FERNANDEZ	SOLICITA REVISIÓN: DENEGADA	REVISION: ACEPTAR RECLAMACIÓN, VALORACION INCORRECTA

ANEXO 2

ALUMNO/A	SOLICITANTE	RESOLUCIÓN
CHRISTIAN JOSE RAMOS LOPEZ	LETICIA LOPEZ BECEIRO	DENEGADA: NO PADRÓN
AROA BORRAJO DIAZ	LAURA BORRAJO DIAZ	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
OLIVER ALONSO PEREZ	ANDREA PEREZ RODRIGUEZ	CONCEDIDA: RISGA, FAMILIA MUY VULNERABLE
GALA DACOSTA SANCHEZ	MARTA SANCHEZ RIVEIRO	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
JORDI ALVAREZ CARDOSO	ANTONIA CARDOSO TRINDADE	CONCEDIDA POR INGRESO DE LA MADRE
JUDITH ALONSO CAÑADAS	AINHOA ALONSO CAÑADAS	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
SAFIA YASHIRA DAIBECHÉ SILVA	VALERIA SILVA MOREDA	CONCEDIDA POR INGRESO HOSPITALARIO HIJO RECIENTE NACIDO
UXIA CARRERA RIOS	DEBORA RIOS PEREZ	DENEGADA SUPERA INGRESOS
AINHOA PEREZ ACUÑA	ANA BELEN ACUÑA SANIN	DENEGADA SUPERA INGRESOS
ANDREA BRIANA LLONTOP ECHANDIA	ROXANA AMELIA ECHANDIA PACHECO	DENEGADA SUPERA INGRESOS
JHON WEIMAR VELIZ DEL CID	DULCE SOFIA DEL CID PERALTA	DENEGADA ALEGA DESCONOCIMIENTO DEL PLAZO
IZAN AGUILA GONZALEZ	Mª MONTSERRAT GONZALEZ GONZALEZ	DENEGADA PROCEDENTES DE OTRO MUNICIPIO SUPERAN INGRESOS
ARI SANTOS PELAEZ	TANIA Mª PELAEZ DE LA CRUZ	CONCEDIDA EMIGRANTES RETORNADOS

ANEXO 3

ALUMNO/A	SOLICITANTE	RESOLUCIÓN
ARANTXA BARBA SANTORIO	TANIA SANTORIO MARTINEZ	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
ARO A BORRAJO DIAZ	LAURA BORRAJO DIAZ	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
OLIVER ALONSO PEREZ	ANDREA PEREZ RODRIGUEZ	CONCEDIDA:RISGA, FAMILIA MUY VULNERABLE
EBER DACOSTA SANCHEZ	MARTA SANCHEZ RIVEIRO	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
GALA DACOSTA SANCHEZ	MARTA SANCHEZ RIVEIRO	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
ERIC ALVAREZ CARDOSO	ANTONIA CARDOSO TRINDADE	CONCEDIDA POR INGRESO DE LA MADRE
JORDI ALVAREZ CARDOSO	ANTONIA CARDOSO TRINDADE	CONCEDIDA POR INGRESO DE LA MADRE
ALEXANDER ALVAREZ GUTIERREZ	Mª LUZ ALVAREZ GUTIERREZ	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
RAQUEL POZA ZULOAGA	MARLENE ZULOAGA RUIZ	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
DANIEL SAMUEL TOADER	LUMINITA TOADER	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
IACOV ANDREI TOADER	LUMINITA TOADER	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
SALI TOADER	LUMINITA TOADER	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
JUDITH ALONSO CAÑADAS	AINHOA ALONSO CAÑADAS	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
BRENDA ASCANIO PEREZ	Mª ISABEL PEREZ APARICIO	CONCEDIDA EMIGRANTES RETORNADOS
VALERIA ASCANIO PEREZ	Mª ISABEL PEREZ APARICIO	CONCEDIDA EMIGRANTES RETORNADOS
SAFIA YASHIRA DAIBECHÉ SILVA	VALERIA SILVA MOREDA	CONCEDIDA POR INGRESO HOSPITALARIO HIJO RECIEN NACIDO
UXIA CARRERA RIOS	DEBORA RIOS PEREZ	DENEGADA SUPERA INGRESOS
AINHOA PEREZ ACUÑA	ANA BELEN ACUÑA SANIN	DENEGADA SUPERA INGRESOS
SIMON GRILLE ALONSO	Mª ARANTZAZU ALONSO MARQUEZ	CONCEDIDA SEPARACION URGENTE POR VIOLENCIA DE GENERO
CLAUDIA GRILLE ALONSO	Mª ARANTZAZU ALONSO MARQUEZ	CONCEDIDA SEPARACION URGENTE POR VIOLENCIA DE GENERO
IVAN VILA VARELA	FLORA VARELA GIL	CONCEDIDA REPETIDOR INFORMADO EN JULIO
CARLA BALTASAR ALLICA	Mª RITA ALLICA PEREZ	CONCEDIDA SEPARACION URGENTE POR VIOLENCIA DE GENERO
ELIANA ESQUEA MOTA	DOLORES ESQUEA MOTA	CONCEDIDA FAMILIA MUY VULNERABLE
JOSUE ESQUEA TIRADO	DOLORES ESQUEA MOTA	CONCEDIDA FAMILIA MUY VULNERABLE
JUAN MIGUEL TIRADO ESQUEA	DOLORES ESQUEA MOTA	CONCEDIDA FAMILIA MUY VULNERABLE
MILAGROS FELIZ ESQUEA	DOLORES ESQUEA MOTA	CONCEDIDA FAMILIA MUY VULNERABLE
MARIA BELEN BARBOLIN CASTRO	PURA CASTRO AVALOS	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
ALEX DAVID BARBOLIN CASTRO	PURA CASTRO AVALOS	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
DANIELA BARBOLIN CASTRO	PURA CASTRO AVALOS	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
ANDREA BRIANA LLONTOP ECHANDIA	ROXANA AMELIA ECHANDIA PACHECO	DENEGADA SUPERA INGRESOS
Mª GABRIELA BARLADEANU	CARMEN AURELIA PUNGA	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
LULIANA VALIÑAS OGANDO	JOSE ANTONIO VALIÑAS DIZ	CONCEDIDA ASIGNACION JUDICIAL DE CUSTODIA
OLMVA BOYCE	BLANCA OLIVEIRA MALVAR	CONCEDIDA POR INGRESO DE LA MADRE
MATILDA BOYCE	BLANCA OLIVEIRA MALVAR	CONCEDIDA POR INGRESO DE LA MADRE
LUCAS ALONSO CHANTADA	PILAR CHANTADA CARBALLO	CONCEDIDA PROBLEMAS DE SALUD MENTAL
MARCOS ALONSO CHANTADA	PILAR CHANTADA CARBALLO	CONCEDIDA PROBLEMAS DE SALUD MENTAL
HUGO MANUEL RODRIGUEZ MIRANDA	PATRICIA MIRANDA FERNANDEZ	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
IZASKUN GONZALEZ QUINTEIRO	FRANCISCO JAVIER GONZALEZ RODRIGUEZ	CONCEDIDA ASIGNACION JUDICIAL DE CUSTODIA
ALFREDO GONZALEZ QUINTEIRO	FRANCISCO JAVIER GONZALEZ RODRIGUEZ	CONCEDIDA ASIGNACION JUDICIAL DE CUSTODIA
JHON WEIMAR VELIZ DEL CID	DULCE SOFIA DEL CID PERALTA	DENEGADA ALEGA DESCONOCIMIENTO DEL PLAZO
OMAR FERNANDEZ FERNANDEZ	SILVIA FERNANDEZ LORENZO	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
COSMINA ANDREEA LINGURARU	LUMINITA ILIE	CONCEDIDA SEPARACION URGENTE POR VIOLENCIA DE GENERO
COSMIN LINGURARU	LUMINITA ILIE	CONCEDIDA SEPARACION URGENTE POR VIOLENCIA DE GENERO
AGUSTIN GARCIA PAZ	Mª JOSE PAZ GARCIA	CONCEDIDA FAMILIA MUY VULNERABLE
CRISTINA GARCIA PAZ	Mª JOSE PAZ GARCIA	CONCEDIDA FAMILIA MUY VULNERABLE
IZAN AGUILA GONZALEZ	Mª MONTSERRAT GONZALEZ GONZALEZ	DENEGADA PROCEDENTES DE OTRO MUNICIPIO SUPERAN INGRESOS
ARI SANTOS PELAEZ	TANIA Mª PELAEZ DE LA CRUZ	CONCEDIDA EMIGRANTES RETORNADOS
SAUL FERNANDEZ FERNANDEZ	DOLORES FERNANDEZ FERNANDEZ	CONCEDIDA POR PROBLEMAS DE SALUD DEL ALUMNO
PIERO FABRIZIO ZEGARRA ALVAREZ	KAREN ALVAREZ VILLACORTA	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
LAURA RODRIGUEZ RAMOS	VANESSA RAMOS RODRIGUEZ	SOLICITUDE PROFESIONAL
ADRIAN IONUT SURDU	IONELA LILIANA SURDU	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
AMELIA DE LA CARIDAD ALBEJA PALOMERA	YASNAHY PALOMERA VENTA	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
UXIA LOPEZ FERNANDEZ	LORENA FERNANDEZ RODRIGUEZ	DENEGADA: NO SE JUSTIFICA LA EXCEPCIONALIDAD
ORIANA YHOLANDA LAPREA JARAMILLO	RODRIGO ROBERTO LAPREA RINCON	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
ESTEPHANIA LAPREA JARAMILLO	RODRIGO ROBERTO LAPREA RINCON	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
ITALIA LAPREA JARAMILLO	RODRIGO ROBERTO LAPREA RINCON	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
VITTORIO LAPREA JARAMILLO	RODRIGO ROBERTO LAPREA RINCON	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
GIUSEPPE LAPREA JARAMILLO	RODRIGO ROBERTO LAPREA RINCON	CONCEDIDA PROCEDENTE DEL EXTRANJERO
MANUEL JIMENEZ CAMACHO	BELEN CAMACHO BARRUL	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
GHEORGHITA OPREA	CLAUDIA OPREA	CONCEDIDA FAMILIA MUY VULNERABLE
MINOLA OPREA	CLAUDIA OPREA	CONCEDIDA FAMILIA MUY VULNERABLE
SANELA OPREA	CLAUDIA OPREA	CONCEDIDA FAMILIA MUY VULNERABLE
ROQUE CABREIRA LAGO	NURIA LAGO MONTEIRO	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO
LUCIA CABREIRA LAGO	NURIA LAGO MONTEIRO	CONCEDIDA PROCEDENTE DE OTRO MUNICIPIO

6(329).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) EULEN S.A. EXPTE. 4751/241.

Visto o informe de fiscalización do 4.04.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 8.04.14, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. as fianzas de 524,40 e 32.197,90 euros, constituídas para responder de prestación do servizo na Unidade Asistencial CEDRO, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

B) SPICA S.L. EXPTE. 4782/241.

Visto o informe de fiscalización do 1.04.14, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 3.04.14, do a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SPICA, S.L. a fianza de 1.264,80 euros constituída para responder de instalación de equipamiento audiovisual para o Museo VERBUM, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía.

7(330).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO E PROXECTO DE CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA “ALT.14.- 13º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO”. EXPTE. 14570/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.03.14, o informe de fiscalización do 3.04.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 24.03.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 20.000€ (vintemil euros) á ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, NIF: G36891323, para o financiamento do programa “ALT.14 13º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á partida 3340.489.00.05 “CONVENIO NOESCAFÉ FESTIVAL ALTERNATIVO”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do programa “ALT.14.- 13º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ASOCIACIÓN
ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO
PARA A ORGANIZACIÓN DO PROGRAMA “ALT.14.- 13º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS
ARTES ESCÉNICAS DE VIGO”.**

En Vigo, 14 de marzo de dous mil catorce.

REÚNENSE

A Concellería de Cultura, Festas e Museos (en adiante Concellería), e no seu nome e representación, D. Cayetano Rodríguez Escudero, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo (CIF P3605700H), no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013, Acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013 e Resolución de Alcaldía de 19 de febreiro de 2014); con enderezo na Praza do Rei, 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo,

Doutra, o Dna. María Dolores Correa Sobrido, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Noescafé Teatro (NIF:G36891323), actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle otorgan os seus estatutos, tal como figura nos arquivos desta concellería; e con enderezo na rúa Pizarro, 89 - 6º B CP.36204 da cidade de Vigo, en adiante a Asociación.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

PRIMEIRO.- Que a Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo considera de interese social e cultural o “Programa ALT.14.- Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo”, toda vez que este complementa á programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe a dotar a cidade dunha programación sinfónica estable; posibilitando unha maior proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural no conxunto do Estado e norte de Portugal.

SEGUNDO.- De acordo coa planificación e execución programática realizada pola Concellería para o 2014, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxetivos, non é posible promover a concorrencia, polas especiais características da entidade coa que se convenía.

A tal fin, e en función desta singularidade, o Concello de Vigo prevé no seu vixente orzamento, na partida 3340.489.00.05 “CONVENIO NOESCAFÉ FESTIVAL ALTERNATIVO”, a concesión dunha subvención nominativa por importe de 20.000 €, a favor da devandita entidade, a cal foi aprobada por acordo da XGL **de mes de 2014.**

TERCEIRO.- Que a Asociación Cultural Noescafé Teatro, é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia e Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo, e tal e como establecen os seus estatutos ten como fins sociais “.a promoción e a difusión da cultura e das artes escénicas, o estímulo da vocación e interese polo estudio e goce do teatro e demais expresións escénicas e o achegamento destas á sociedade dun xeito crítico e educativo”.

CUARTO.- Que a Asociación Cultural Noescafé Teatro ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción e difusión das artes escénicas en xeral, promovendo o evento ALT14.- Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo, que en aras dunha maior

eficacia considera que a cooperación en programas culturais beneficia ao mundo da cultura galega.

QUINTO.- Que a Asociación Cultural Noescafé Teatro reúne a condición de beneficiario da subvención de acordo cos requisitos establecidos no art. 10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias previstas no apartado 2 e 3 do citado artigo. Ao mesmo ten achegado a documentación que acredita que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións positivas que figuran no expediente.

SEXTO.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente no orzamento da Administración concedente, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da concesión da subvención, que ten como obxecto a organización do "Programa ALT14.- Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo".

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

A través do presente convenio establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Concellería e a Asociación Cultural Noescafé Teatro para desenvolver o programa de actividades "Programa ALT.14.- 13º Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo" que se detalla na documentación aportada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 54.000,00 € (cincoenta e catro mil euros), financiándose os mesmos mediante as achegas de 20.000€ do Concello de Vigo (37,04%), de outras achegas públicas 23.000€ (42,59%), de recursos propios (Noescafé Teatro) 7500€ (13,89%), de 3.000€ por billeteira (5,56%) e outros 500€ (0,93%).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O "Programa ALT.14 13º Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo", é como sigue:

PROGRAMA ALT14

Residencia técnica de Nuria Sotelo. programa ALT.procrea en Feminino, do 8 ao 12 de marzo no Auditorio Municipal.

Presentacións de libros de Helen Bertels, "diario de nimiedades", na librería Versus o día 12 de marzo ás 20.30h.

Roberto Fratini "a contracuento" no mesmo lugar o venres 14 ás 17.30h.

Micro expo de Helen Bertels "poemas visuais" no vestíbulo do primeiro andar de Casa das Artes.

XOVES 13 MARZO

CASA DAS ARTES 19H

ANA VALLÉS (Galicia) ESTREA ABSOLUTA

"Teatro Invisible" (75')

Interpretación e dirección: Ana Vallés / Deseño iluminación: Baltasar Patiño.

(Compañía en residencia na sala Vidal Bolaño da USC).

AUDITORIO MUNICIPAL 21H

LICENCIADA SOTELO (Galicia). ESTREA ABSOLUTA

"Silencio por favor" (60')

(Final proceso. ALTprocrea en feminino)

Intérpretes: Rut Balbís, Nuria Sotelo, Mounqap e Macarena Montesinos/ Deseño Iluminación:

David Pais/ Espazo multimedia: D. Pais e Marta Valverde.

VIERNES 14 MARZO

CASA DAS ARTES 19H

AIMAR PÉREZ GALÍ (Cataluña). ESTREA EN GALICIA

"Sudando el discurso" (45') Conferencia performática

Creación, Voz, Texto e Interpretación: Aimar Pérez Galí/ Apoyo teórico: Beatriz Preciado

Agradecimientos: Manuel Asensi, Valentin Roma, Mónica Extremiana, Luís Miguel Félix, Xavier

Le Roy, Paz Rojo, Eszther Salamon, Bea Fernández y Jaime Conde Salazar. Este trabajo ha

sido elaborado dentro del marco del Programa de Estudios Independientes del Museo de Arte

Contemporáneo de Barcelona (2013).

MARCO 20H

DIEGO ANIDO (Galicia-Cataluña)

"Symon Pedigrí" (60') (Co-producción ALT13)

Interpretación e dirección: Diego Anido/ Luz: Alex Aviñoa/ Son: Pablo Rega

(CAET Terrassa, ALT., FIOT, El Graner, CDG, Beca Iberescena.)

AUDITORIO MUNICIPAL 22H

EL PESO DEL ALMA (Francia-España)

"El peso del alma" (50') Danza Contemporánea- Hip Hop- Artes circenses

Interpretes: Gustavo Hoyos, David Ventosa, Miguel Pérez e Laura Jiménez/ Deseño Iluminación:

Asel García e Sonia Corzo.

SÁBADO 15 MARZO

CASA DAS ARTES 19.00H

FÉLIX FERNÁNDEZ (Galicia) PRODUCIDA PARA O ALT. ESTREA ABSOLUTA

"Yo vivo de mi cuerpo" (30') Performance

Interpretación, dirección e deseño: Félix Fernández

MARCO 20H

LANDER PATRICK (Portugal-Brasil). ESTREA NO ESTADO

"Casca d' ovo" (45') Danza

This is not a love story.

AUDITORIO MUNICIPAL 22H

MATARILE (Galicia) COA COLABORACIÓN DO ALT.

"Staying Alive" (90') Teatro-Danza.

Intérpretes: Mónica García, Nuria Sotelo, Rut Balbís e Ana Vallés/ Dirección: Ana Vallés/ Deseño Iluminación: Baltasar Patiño.
(Compañía en residencia na Sala Vidal Bolaño da USC. Colaboran: Grismediostudio.com, CDG, RTA, e Festival ALT.)

DOMINGO 16 MARZO

CASA DAS ARTES 17.30H PROGRAMA DOBRE. TRABALLOS EN PROGRESO. ALT.PROCREA EN FEMININO

HELEN BERTELS (Galicia-Alemaña)
"Amor" (30')

Creación e Interpretación: Helen Bertels/ Iluminación: Paulina Funes/ Vestiario: Cloti Vaello/
Fotografía: Martiño Picallo (Iuscofusco)

MERCE DE RANDE (Suiza- Galicia)
"Das Tebras às treboadas" (30')

Dirección e Interpretación: Mercé de Rande/ Música: Enea Mangili/ Deseño Iluminación: Mercé de Rande & Marius Kob/ Tanzhaus-Wasserwerk Zurich.

AUDITORIO MUNICIPAL 19.00H

SABINNE MOLENAAR (Bélgica) ESTREA EN GALICIA
"That's It " (60') Danza-acrobacia

ALT.FÓRA DE SÍ

CRISTINA & RUT (venres 14 mañán e tarde, rúa do Príncipe diante do Marco)

Só será posible o cambio de lugar ou data de realización do programa, no caso de que algunha causa de forza maior, allea á organización do Programa e debidamente xustificada, impida a súa realización segundo o previsto neste convenio; non entendéndose as conseguíntes modificacións como razóns achacables ao incumprimento do presente convenio.

CUARTA.- OBRIGAS DE ASOCIACIÓN . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA.

•Todas as actividades, serán organizadas por un equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola Asociación, baixo as ordenes de Dna. María Dolores Correa Sobrido que actuará como interlocutor fronte á Concellería.

A tal fin a Asociación designará ao persoal máis axeitado para a conformación do equipo que realizará os diferentes programas, en colaboración coas distintas áreas que conforman as actividades.

•Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de sé lo caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude, de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.

•Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos, (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de selo caso, e demais infraestrutura necesaria para o desenvolvemento efectivo da actividade).

•Cumprir cas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.

•Incorporar os anagramas-logotipos do Concello na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.

•Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle a información necesaria para a difusión do programa programa a través da páxina Vigocultura.org.

•Asociación comunicará ao Concello as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen a financiación, no momento en que teña constancia da súa disponibilidad ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

•A concesión da subvención a Asociación implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA,

- Realizar o seguemento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
- Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha Comisión Mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións conveniantes, ou persoa na quen deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á Asociación é o servizo de Cultura e Bibliotecas do Concello de Vigo, á quen se informará sobre o desenvolvemento do Programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

Calquera que sexa o medio de difusión, a ASOCIACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello ademais das lendas indicadas pola unidade de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa Concellería.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado ao Servizo de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias Asociación, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade a ASOCIACIÓN entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería.

ASOCIACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

ASOCIACIÓN facilitará ao servizo de Cultura, ca antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a ASOCIACIÓN polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final ca rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e o conforme da concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, no prazo de tres meses seguintes á terminación do prazo da realización do proxecto subvencionado.*
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- Memoria-avaliación do programa de actividades realizadas, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:*

1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica xustificativa, ca declaración e desglose da totalidade dos gastos e ingresos da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes; acreditados mediante facturas orixinais ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa).
 - Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
 - As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ASOCIACIÓN como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data; CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, - agás que xustifique que estea exenta de IVE-.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; enténdéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraránse gastos subvencionables, os realizados no presente ano que respondan directa e indubidablemente á natureza da activades realizada, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Importe total de subvencións ou axudas:A subvención do Concello de Vigo a Asociación, é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade

procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola Asociación Cultural Noescafé Teatro para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura.

Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa aprezo e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.-DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS:

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais mateiral obtido da realización das actividades progrmadas, serán de titularidade e e uso común da Concellería de Cultura e a Asociación- Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizado nun futuro indistintamente.

A Concellería resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA: PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN:

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Asociación, e os profesionais ao seu servizo, que vaian desenvolver as actividades previstas e o Concello de Vigo, del tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2014, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes factulará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Pore parte do Concello de Vigo, A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obirga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

O concelleiro-delegado da Área
Asociación Cultural de Cultura, Festas e Museos
Teatro

O Presidente da
Noescafé

Cayetano Rodríguez Escudero

María Dolores Correa Sobrido

ANEXO Iº

ORZAMENTO DO "ALT.14.- 13º FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS DE VIGO":

INGRESOS	
CONCELLO DE VIGO	20.000
UNIVERSIDADE DE VIGO (IGUALDADE)	3.000
XUNTA DE GALICIA	20.000
INSTITUTO CAMOENS (C.C.PORTUGUÉS)	500
NOESCAFÉ TEATRO (Recursos Propios)	7.500
BILLETEIRA	3.000
TOTAL	54.000

GASTOS	
PRODUCCIÓN, XESTIÓN E ORGANIZACIÓN	18.000
VIAXES, ALIMENTACIÓN E ALOXAMENTO	10.000
CACHÉS DE COMPAÑÍAS E ARTISTAS	20.000
DIFUSIÓN E PUBLICIDADE	6.000
TOTAL	54.000

8(331).- PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NA "XXXII EDICIÓN DO PREMIO DE NOVELA LONGA EDUARDO BLANCO AMOR". EXPTE. 14600/331.
Dáse conta do informe-proposta do xefe do departamento de Cultura e Bibliotecas, do 21.03.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, que di o seguinte:

O Concello de Vigo ven participando desde a súa creación no "Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor", xunto con outros sesenta concellos máis de toda Galicia na súa celebración.

Este ano celébrase a XXXII edición, correspondéndolle a súa organización ao Concello de Redondela, manténdose unha cota de participación de 360 €.

Con data 13 de marzo de 2014 preséntase escrito do Concello de Redondela solicitando acordo de participación do Concello de Vigo na presente edición e o correspondente compromiso de gasto para o exercicio 2014.

Polo exposto, e previo informe de existencia de crédito suficiente, faise á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a seguinte PROPOSTA

1.- “Aprobar a participación do Concello de Vigo na XXXII edición do Premio de Novela Longa Eduardo Blanco amor.

2.-“Aprobar o gasto de 360,00 € (TRESCENTOS SESENTA EUROS) con cargo á partida 3340.462.00.00 “Premio Eduardo Blanco Amor”, do vixente presuposto municipal, a favor do Concello de Redondela (NIF: P3604500C), organizador da XXXII edición do Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor, en concepto de participación do Concello de Vigo nesta edición do premio”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(332).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O XXXV CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE O 27 DE ABRIL DE 2014. EXPTE. 12970/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 10/03/14, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro delegado de área, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar á ANPA do CEIP Mosteiro Bembrive a organizar o vindeiro domingo 27 de abril o XXXV CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE, que comezará ás 10,30 horas e rematarás ás 13,15 horas. Desenvolverase nas inmediacións do colexio pasando pola estrada de Bembrive e rematando no colexio.

Autorizar a ANPA do C.E.I.P. PÚBLICO MOSTEIRO BEMBRIVE, a organizar o vindeiro domingo 27 de abril de 2014, o XXXV CROSS ESCOLAR MOSTEIRO BEMBRIVE, dito Cross comenará ás 10.30 horas e rematará ás 13.15 horas e se desenvolverá nas inmediacións do colexio pasando pola estrada de Bembrive e rematando no colexio.

10(333).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A PROBA DENOMINADA “II NOCTURNA CORRENDO POR VIGO” O VINDEIRO 17 DE MAIO. EXPTE. 12886/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a David Posada González, con D.N.I.36.130.699E, a organizar o vindeiro sábado 17 de maio, a proba denominada "II NOCTURNA CORRENDO POR VIGO" dita carreira está previsto que teña a súa saída do Mercado de Travesas e transcurre polas rúas Florida, ata Pza de América, Castelao (carrís de dirección Centro) ata Tomás Paredes, Porriño, Bayona, Redondela, Castelao, Dario Durán, Florida, ata Martín Echegaray, para completar a distancia da carreira daranse dúas voltas ó percorrido.

11(334).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O "I CANICROSS CAN DO PALLEIRO" NO MONTE VIXIADOR, O 18 DE ABRIL DE 2014. EXPTE. 12976/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 17/03, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar ao Club Canicross Can do Palleiro, a organizar o vindeiro venres 18 de abril de 2014, o I CANICROSS CAN DO PALLEIRO, esta carreira esta previsto que se leve a cabo no Monte Vixiador entre as 9.00h e as 15.00horas".

12(335).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O "XV TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO BIKE CONTEST" NOS MONTES DE CORUXO, O VINDEIRO 12 DE ABRIL. EXPTE. 13012/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 01/04, do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar a Singletrack, a organizar os vindeiros días 12 e 13 de abril de 2014, o XV TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO BIKE CONTEST, as probas se levarán a cabo nos montes de Coruxo, comenzando o sábado 12 de abril de 9.00h a 18.00 horas con adestramentos libres, e o domingo 13 de 9.00 h a 14.30h serán as mangas clasificatorias e as finais".

13(336).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.075,68 € A FAVOR DE IMAXINERÍA S.L. POLO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO- MARZO 2014. EXPTE. 15959/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 03/04, do técnico de Educación, conformado polo concelleiro-delegado de área e máis pola concelleira de Facenda; visto o informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 06-14 (doc. num. 140038479) por importe de 8.075,68 €

correspondente ao servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o mes de marzo de 2014, de IMAXINERÍA SL, con CIF B-36914372.

Segundo.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de IMAXINERÍA SL, por un importe de 8.075,68 € correspondente ao servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o mes de marzo de 2014.

Terceiro.- Recoñecer as obrigas a favor de IMAXINERÍA SL, con CIF B-36914372, polo importe de 8.075,68 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o mes de marzo de 2014 con cargo á partida 3210 2279903 "Escola municipal de teatro" do vixente presuposto.

14(337).- PRÓRROGA DO NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS INTERINOS ADSCRITOS AO PROXECTO IMOS TRABALLAR 2. EXPTE. 10823/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 14/03, do xefe do servizo, conformado polo concelleiro-delegado; vistos os informes xurídico e da Intervención de datas 07/03 e 03/04, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar o gasto para facer fronte ao nomeamento desde 1 de xullo de 2014 ata o 28 de febreiro de 2015, por un importe total de 87.633,00 €. con cargo nas seguintes aplicacións orzamentarias:

Os gastos do 1 de xullo de 2014 a 31 de decembro de 2014 por importe de 65.726,00 euros financiariáanse con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias, previstas no vixente orzamento (M.C 3/14), dentro do capítulo I conforme a seguinte distribución.

Aplicacións orzamentarias:

2410 1310003	Gastos de Persoal Imos Traballar 2	49.803,00
2410 1600003	Seguridade social Imos Traballar 2	15.923,00

Desde o 1 de xaneiro hasta 28 de febreiro de 2015, por importe de 21.908,00 euros o Servizo de Emprego tramitará crédito nas correspondentes aplicacións orzamentarias dentro de capítulo I.

Segundo.- Acordar, *dada* a ampliación das actividades e do periodo de execución do proxecto Imos Traballar2 e o aumento da subvención derivada do reparto de remanentes aprobado por Resolución da "Dirección General de Coordinación de Competencias con las Comunidades Autónomas y las Entidades Locales", aceptada pola Xunta de goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 7 de outubro de 2013, a prórroga do nomeamento dos funcionarios interinos que de seguido se relacionan, desde o 1 de xullo de 2014 hasta 28 de febreiro de 2015.

Categoría/posto	NIF	Apelidos e Nome	Grupo	Complemento de destino	Complemento específico
Director	36035563Z	López Rodríguez, Jose	A2	26	670
Técnica Xest. Económica	78732585C	Bértolo Vieitez, M ^a Teresa	A2	25	690
Aux. Administrativa	36164915Z	Marcuño Ramos Ainhoa	C2	16	166

Terceiro.- Dita prórroga farase de conformidade co disposto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do EBEP, e non finalizando a causa que deu lugar ó seus nomeamentos, dacordo co art. 10 apart. 3 e tendo en conta que se trata dun programa financiado con Fondos Europeos, que a prórroga non sobrepasa a duración máxima da execución do programa nin o periodo máximo de financiación e elexibilidade dos gastos e continuarán en vigor en canto se prorrogue a subvención, previa valoración e cumprimento das obrigas e da dispoñibilidade orzamentaria existente, así ditos nomeamentos serán revocados ademais polas causas previstas no artigo 63 deo EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ó seus nomeamentos, dacordo co art. 10 apart. 3.

Cuarto.- Servizo de Emprego iniciará os trámites necesarios para adaptarse con antelación ao 31 de decembro de 2014, a Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, de conformidade co previsto na Disposición Adicional Novena da citada norma.

15(338).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA PROGRAMAS E ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER REALIZADAS DURANTE O EXERCICIO 2014. EXPTE. 6289/224.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21.03.14, o informe de fiscalización do 1.04.14, e de acordo co informe-proposta do 21.03.14, da xefa do servizo de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas e actividades de promoción da muller realizadas durante o exercicio 2014.

Segundo.- Autorizar un gasto por importe máximo de 64.000,00€, con cargo á partida 2311 4890000 *subvencións* do orzamento vixente, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.”

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIONS DA
CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES
SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE
PROMOCIÓN DA MULLER NO ANO 2014

A lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes imponlles aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitirán acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, especialmente na loita contra a violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos; mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado, nin moito menos, a equipotencia social das mulleres.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero, a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo destina a tal fin un crédito máximo de 64.000,00€ que se fará efectivo con cargo á partida específica 2311 4890000 "subvencións da Concellería de Igualdade" do orzamento vixente.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases e a convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

1) Finalidade e período de realización:

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de actividades das entidades sen ánimo de lucro que se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 30 de novembro de 2014 e cuxa finalidade sexa:

1. Atender as demandas e necesidades das mulleres establecidas como prioridade no "4º Plan integral de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes" do Concello de Vigo. Tendo en conta os obxectivos establecidos en cada unha das súas cinco áreas de actuación: Educación en Igualdade, Conciliación e Corresponsabilidade; Participación Económica, Violencia de Xénero e Atención á Diversidade. (pódese consultar o documento do IV Plan na web: www.igualdadevigo.org)

2. Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen

subrepresentadas. Promovendo por exemplo: accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina, acceso e permanencia de mulleres en postos de responsabilidade ou establecemento de medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3.Organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.

4.Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

5.Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas. Desenvolvendo tanto actividades de sensibilización, como proxectos con actuacións innovadoras que propicien a eliminación de roles e estereotipos de xénero.

6.Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo.

II. Ámbito

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo. Poderán subvencionarse excepcionalmente actividades fóra do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos, etc) debidamente xustificadas e sempre que teñan relación cos obxectivos da convocatoria.

III. Destinatarias das accións

Cando se trate de cursos de ocio e tempo libre, formación e/ou similares, as destinatarias últimas deberán ser mulleres. Cando estas xornadas ou cursos teñan como obxectivo: informar, concienciar e formar no eido da perspectiva de xénero e a igualdade de oportunidades poderan incorporarse homes ao alumnado.

Asemade, tal e como recolle o apartado 3 do punto anterior, poderanse subvencionar proxectos dirixidos exclusivamente á poboación masculina que promovan actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidábel corresponden á participación ou organización da actividade obxecto da axuda.

As entidades que presenten a esta convocatoria proxectos para a realización de cursos, xornadas ou similares, terán en conta que serán gastos subvencionables os soldos ou honorarios do persoal docente e os correspondentes gastos de seguros sociais.

Asemade, poderanse imputar gastos de actividade de coordinación, que deberá ser realizada por persoa física distinta da encargada da impartición do proxecto formativo, sempre e cando se xustifique a súa necesidade. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

A beneficiaria deberá solicitar tres ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 18.000,00€, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Non terán a consideración de gastos subvencionables os relativos á administración, xestión, financiamento, primas de seguros, adquisición de patrimonio, investimentos, equipamento, mantemento ou alugueiro do local social. Tampoco serán gastos subvencionables os relativos a servizos de catering, agás que a concellería de Igualdade, previa xustificación da súa necesidade por parte da entidade solicitante, valore que ese gasto é necesario para a consecución dos obxectivos do programa subvencionado.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade.

A subvención concedida financia a actividade no seu conxunto; a desagregación do orzamento que se debe detallar no apartado 4. do anexo II só ten efectos informativos non sendo vinculante de cara á xustificación da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 64.000,00 euros (sesenta e catro mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2014; 2311 4890000 "Subvencións da concellería de Igualdade".

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do R. d. 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da lei xeral de subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.

1. Poderán solicitar e obter estas axudas :

a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no termo municipal de Vigo, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes para participar nesta esta convocatoria.

b) *As entidades e asociación sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Vigo, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio deste.*

c) *Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.*

d) *Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.*

2. *Quedan excluídos expresamente desta convocatoria os seguintes proxectos:*

a) *Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.*

b) *Aqueles que a xuízo da Comisión de Valoración teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contratación co Concello de Vigo.*

c) *Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.*

d) *Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.*

e) *Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.*

f) *Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración, xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.*

g) *Aqueles que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.*

h) *Aqueles que se presenten fóra do prazo estipulado na convocatoria, calquera que sexa a causa do atraso.*

i) *Aqueles que non acaden a puntuación mínima establecida na base Sétima.*

3. *As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.*

4. *Na fase de proposta de resolución as solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da lei xeral de subvencións. Existe a posibilidade de acreditar simplificadaamente estas circunstancias, nos supostos indicados no artigo 24 do citado R. d. 887/2006, en particular o parágrafo cuarto para aquelas subvencións nas que o importe das cales non supere a contía de 3.000€.*

5. Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o/a solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS.

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autoría, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.

4º.- Utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

5º.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

6º.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

7º.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

8º.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

9º.-Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor/a e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención

10º.-A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría de Igualdade estudará cal sería a lingua para empregar na difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaráse conforme coa Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

11º.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R. d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias da concellería de igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio.

Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base quinta, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 50 puntos. Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 3 puntos non se considerarán subvencionables.

a) Calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula Primeira das bases.
- Calidade do proxecto (valorarase a rigorosidade, o equipo de traballo presentado, coherencia e viabilidade do proxecto): 0 a 10 puntos
- Por recoller o proxecto algún dos obxectivos e accións contempladas no IV Plan integral de igualdade de oportunidades de mulleres e homes de Vigo: Ata un máximo de 10 puntos.

b) Características do proxecto:

- Ámbito de aplicación (0 a 5 puntos)
- Número de beneficiarias (0 a 5 puntos)
- Participación de voluntariado (0 a 5 puntos)

c) Traxectoria da entidade e grao de implicación nas actividades da concellería de igualdade. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en consideración o tempo que leve a entidade participando activamente a prol da igualdade e a asistencia e colaboración nas actividades propias da concellería de igualdade polas directivas, socias e persoas colaboradoras da entidade solicitante.

d) O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º l) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5 puntos. Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante achega declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto da subvención.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos achegados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na base sétima.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

No marco desta convocatoria só se poderá presentar un programa que reúna os requisitos estipulados na base primeira desta convocatoria. Para elo, as entidades que concorren deberán presentar unha única solicitude asinada pola/o representante legal da entidade peticionaria.

A solicitude, segundo modelo normalizado (Anexo I), presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións do procedemento administrativo común e dirixida ao Sr. Alcalde. A mera presentación da solicitude suporá que as entidades solicitantes coñecen e aceptan as presentes bases de convocatoria.

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

1) Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (Anexo II) xunto co informe desagregado de ingresos e gastos da actividade. No caso de presentar proxectos de formación ou xornadas e charlas deberá achegarse currículo do profesorado ou das relatoras ou relatores segundo o caso.

2) Memoria de actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2012, esta deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

3) Fotocopia do CIF da entidade solicitante.

4) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

5) Certificado que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable da entidade solicitante como réxime simplificado desta acreditación (punto 5 do Anexo III).

6) Declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (punto 4 do Anexo III).

7) Declaración das solicitudes de subvención realizadas ou concedidas a outros organismos e institucións públicas ou privadas do proxecto para o que se solicita a subvención (punto 3 do Anexo III).

8) Declaración da secretaría da entidade na que conste quen ten a condición de representante legal da entidade (punto 1 do Anexo III).

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a documentación achegada fose incompleta ou non reunise os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou corrixa a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixese se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente sen máis trámite.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local.

2.-Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poida ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellería de Igualdade e na propia paxina web do Concello de Vigo.

3.-Publicidade do financiamento público.

As entidades beneficiarias das subvencións deben informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora a Concellería de Igualdade-Concello de Vigo”, coa a inclusión do logotipo e anagrama do Concello de Vigo que se pode descargar da paxina web da Concellería de Igualdade www.igualdadevigo.org. Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

DÉCIMO CUARTA. ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

De conformidade co disposto na base sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, a xefa do servizo de Igualdade e unha funcionaria da mesma área que actuará como secretaria.

A Concellería de Igualdade, como órgano instructor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os

requisitos necesarios para acceder a elas. (artigo 21.4 parágrafo 6 da lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, e a súa resolución notificaráselles ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Contra esta desestimación presunta poderá recorrerse en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

En todos os casos os prazos contarase a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 15 días a contar do seguinte ao da notificación a comunicarlle por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. A falta de manifestación expresa entenderase aceptada. Xunto coa aceptación deberá comunicar os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización da actividade.
- No caso de que o programa subvencionado inclúa diversas actividades indicárase aquelas que serán obxecto de xustificación por parte da entidade.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros/as a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A xustificación, segundo modelo normalizado (Anexo IV) presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O prazo para presentar as xustificacións das subvencións concedidas remata o 30 de novembro de 2014. No devandito prazo as entidades beneficiarias xustificarán o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención.

A xustificación deberá realizarse polo 100% do importe da axuda concedida mediante rendición de conta xustificativa que comprende unha memoria de actuación, unha memoria económica (relación de gastos e achegas de facturas) e os Anexos IV debidamente cubertos.

Para os efectos de xustificar a subvención as beneficiarias deberán achegar:

1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola responsable da vogalía da muller, e na que figurará, a seguinte información:

- a) Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
- b) Datas e lugar de realización.
- c) Datos sobre as participantes: número, perfil, etc. e explicación do desenvolvemento da actividade.
- d) Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación das mulleres participantes e do/a monitor/a cos seus apelidos e nome, e número de teléfono.
- e) Dous exemplares do material de información, carteis, folletos, circulares, fotografías, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

2) Declaración xurada da entidade perceptora segundo o Anexo IV-1, acreditativa dos seguintes extremos:

- Percepción doutras axudas ou subvencións para o proxecto subvencionado.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se a entidade está exenta ou non do IVE.

3) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a) Unha relación clasificada das facturas que achega a entidade para xustificar o 100% do importe da contía da axuda concedida, con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión. (Segundo modelo normalizado Anexo IV-2)

b) Facturas orixinais, ordenadas e numeradas seguindo a orde da clasificación do apartado anterior polo importe total da subvención outorgada. As ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

- Número e no seu caso serie.
- Nome e apelidos ou denominación fiscal.
- Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)
- Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.

- Lugar e data de emisión.
- Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación en vigor desde o 1 de xaneiro de 2013.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do R.d. 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando nela o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

En relación á xustificación do pagamento de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo organismo autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa ao exercicio 2014, e non deberá constar de forma expresa se foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatoria.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

4) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto no que fará constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes para

considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pagamento parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

- *Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe da contía da axuda concedida.*
- *Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.*
- *Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.*

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pagamento parcial ou proporcional correspondente, será competencia da concelleira delegada de igualdade.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do art.31.7. e da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACIONS E SANCIONS.

1.-Perda do dereito á cobranza

Dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pagamento único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas,

que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito á cobranza, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao concello efectuarase no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Reintegraranse as cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no R.d. 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.



Os datos das solicitantes e os das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia co fin de concluír o proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. A Concellería de Igualdade do Concello de Vigo será a reponsable do seu tratamento.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2014, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

		Anexo II: MEMORIA DO PROGRAMA
		SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER-2014

1.- NOME DO PROXECTO

(nos proxectos de cursos, xornadas e/ou charlas, deberá achegarse currículo do profesorado e/ou relatoras/es)_

2. MEMORIA (deberanse cumprimentar todos os apartados)

Área do IV Plan municipal de igualdade na que se enmarca:

Obxectivo xeral

Obxectivos específicos:

Centro onde se vai desenvolver a actividade:

En que consiste o proxecto?

.....

Duración prevista (nº horas, nº días, nº meses)

Data prevista de inicio:



Data prevista de término (antes do 30 de novembro):

Poboación á que vai dirixido:
 - Núm. de persoas beneficiarias: Grupo de idade:

Colectivo destinatario:
 - mulleres en xeral ; mulleres vítimas de violencia de xénero ; mulleres prostituídas
 - homes
 - sociedade en xeral

Medios que se utilizarán para a difusión da actividade:

.....

		Anexo II: (continuación) MEMORIA DO PROGRAMA
		SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER-2014

4.- ORZAMENTO

Ingresos do programa

Concepto		Importe
Recursos propios	<i>Cotas de socio/a, doazóns, colaboracións, inscricións</i>	
Subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto	<i>Concello de Vigo. Área de (especificar)</i>	
	<i>Deputación Provincial de Pontevedra</i>	
	<i>Xunta de Galicia</i>	
	<i>Outros organismos (sinalar)</i>	
Outros ingresos		
Total de ingresos (A)		

Gastos do programa



Concepto		Importe
Gastos de persoal da entidade	<i>Nóminas (Ver límite de imputación na base segunda)</i>	
Servizos exteriores	<i>Contratación de relatores/as, profesorado</i>	
	<i>Difusión da actividade</i>	
	<i>Primas de seguros (responsabilidade civil sobre a actividade subvencionable)</i>	
	<i>Alugueres (espazos, escenario, maquinaria...)</i>	
	<i>Material funxible necesario para a actividade</i>	
	<i>Outros gastos (especificíquese)</i>	
	----- ----- -----	
Total de gastos do programa (A)		

Vigo, de de 2014
 Sinatura da responsable do programa de Muller na entidade

Nome completo:

Sinatura da/o Presidenta/e

Nome completo

		Anexo III: DECLARACIÓN RESPONSÁBEL
		SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER-2014

D./Dña..... con DNI e en calidade de secretario/a da entidade

DECLARA

1.- Que D/Dña ten a condición de representante legal desta entidade.

2.- Que na reunión do órgano de dirección da entidade, levada a cabo o día/...../....., adoptouse o acordo de solicitar subvención para o programa que se indica na solicitude.

3.- Que á entidade sí solicitou ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto

Que á entidade non solicitou ou non se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto

Relación de axudas solicitadas. Indíquese nome do proxecto e do organismo ao que se lle presentou a solicitude	Importe
Relación de axudas concedidas. Indíquese nome do proxecto e do organismo que concedeu a axuda	Importe

4.- Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que son certos os datos presentados.

5.- Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo, autorizando expresamente ao Concello de Vigo ás comprobacións que a tal fin sexan necesarias.

6.- Que a entidade que representa non ten traballadores/as contratados/as ao seu cargo.

Que a entidade que representa sí ten traballadores/as contratados/as ao seu cargo.



Vigo, dede 2014
(selo da entidade)

Sinatura do/a secretario/a da entidade

Sinatura da/o representante da entidade

Nome completo:.....

Nome completo:.....

		Anexo IV: 1 MEMORIA XUSTIFICATIVA
		SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER-2014

D./Dña con
 DNI,
 en representación da
 entidade.....
 con CIF.....

CERTIFICO

Que o proxecto subvencionado por acordo da Xunta de Goberno local de data realizouse nas condicións previstas, o que se acredita coa presente memoria que se achega e coa documentación complementaria.

Nome do Programa subvencionado:	Importe da Subvención concedida:
.....
.....	...


DECLARO

1. Que todos os datos que contén a presente MEMORIA XUSTIFICATIVA se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
2. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade subvencionada.
3. Que a entidade non percibiu ningunha outra axuda nin subvención para o proxecto subvencionado ou no caso contrario que as achegas obtidas non superaron o custe total do programa ou actividade subvencionada.
4. Que foi practicada a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos a retención, así como que esta foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (no caso de empregar os ditos xustificantes).
5. Que, para os efectos que regula esta convocatoria a entidade está ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo.

6. Que, para os efectos que regula esta convocatoria A entidade está exenta de IVE
 A entidade non está exenta de IVE

Vigo, de de

Sinatura e selo da entidade

CONCELLO DE VIGO		Anexo IV: 2
		MEMORIA XUSTIFICATIVA
SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER-2014		

I) Relación de xustificantes de gastos e pagamentos acreditados con facturas orixinais imputábeis á subvención do programa:

Nº de orde	Nº factura	Data da factura	Provedor/a	CIF/NIF provedor/a	Concepto	Importe facturas
TOTAL						

II) Balance económico da actividade subvencionada

Gastos:	Importe:
<i>Total de gastos executados</i>	

Ingresos procedentes de:	Importe:
Concellería de Igualdade. Concello de Vigo	
Deputación Provincial Pontevedra	
Xunta de Galicia	
Propios da asociación	
Outros organismos (sinálense).....	

Vigo, de de

Sinatura e selo da entidade

16(339).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO RÉXIME DE CONTRATO MENOR NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NO MES DE MARZO DE 2014. EXPTE. 1793/334.

Mediante providencia de data 3.04.14, en cumprimento co establecido na base 31^a das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo, a concelleira de Normalización Lingüística dá conta da relación de expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Normalización Lingüística, que son so seguintes:

Expediente	1777-334. Proxecto de dinamización da lingua <i>Camiño da lingua</i>
Decreto concelleira	data 6 de marzo de 2014
Informe Intervención	RC 13702
Adxudicatario	Mekané Didáctica, S.L.U.
Importe	6.325,00 euros

Expediente	1784-334. Actividades de dinamización lingüística nos centros de ensino. Programa <i>Contos do medio</i>
Decreto concelleira	data 20 de marzo de 2014
Informe Intervención	RC 16482
Adxudicatario	Faia educación ambiental
Importe	2.750,00 euros

Expediente	1785-334. Acción dinamizadora do galego <i>Gústame o galego</i>
Decreto concelleira	data 21 de marzo de 2014
Informe Intervención	RC 16619
Adxudicatario	Fabaloba, S.C.
Importe	4.803,08 euros

Expediente	1786-334. Actividade dinamizadora da lingua galega <i>Bibliotecas Videntes</i>
Decreto concelleira	data 21 de marzo de 2014
Informe Intervención	RC 16620
Adxudicatario	Antaxurada, S.L. (nome comercial: Xandobela)
Importe	11.000,00 euros

Expediente	1787-334. Obradoiros-conferencias sobre literatura galega nos centros de ensino
Decreto concelleira	data 21 de marzo de 2014
Informe Intervención	RC 16621
Adxudicatario	Xurxo Martínez González

Importe	1.688,00 euros
---------	----------------

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

17(340).- CUSTES ASOCIADOS AO “PROXECTO DE RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 1”. EXPTE. 2585/443.

Visto o informe de fiscalización do 1.04.14, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 27.03.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o pasado 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC por un período de 5 anos.

Na cláusula terceira do citado acordo, establécese o compromiso por parte da entidade concesionaria do servizo de levar a cabo a execución do Plan de Inversións según as cuantías e prazos que se indican no citado documento. Dentro das inversións a realizar na anualidade do 2013 se acorda incluír o proxecto de RENOVACIÓN DE REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 1.

Con data xaneiro de 2014, a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA” presentou proxecto redactado por Galaicontrol para a Renovación das redes de saneamento e abastecemento no casco urbano. Fase 1A, por un importe total de 574.028,27 € (IVE excluído).

En data 18 de marzo de 2014 a empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento “AQUALIA”, presenta os custos asociados ao proxecto por un importe de 24.094,70 € (IVE excluído), detallados do seguinte xeito:

• Redacción do proxecto	9.647,53 €
• Asistencia técnica.....	9.647,53 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	2.411,88 €
Suma.....	21.706,94 €
11 % Gastos Xestión.....	2.387,76 €
Total (IVE excluído).....	24.094,70 €

Os prezos das distintas unidades son adecuados atendendo ao cadro de prezos de unidades de obra que rixe as obras de inversións da Entidade Concesionaria aprobado en Xunta de Goberno Local de data 8 de marzo de 2013, e aos prezos xerais do mercado.

O Enxeñeiro Municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, indica no seu informe de data 24 de marzo que as porcentaxes respecto do PEM do proxecto correspondense cos ratios que utiliza a Área de Fomento, para valorar tales custos asociados.

Polo anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte , PROPOSTA:

1º.- *Aprobación dos costes asociados das obras do proxecto de "Renovación das redes de saneamento e abastecemento no Casco urbano. Fase 1A.", por un importe total de 24.094,70 € (IVE excluído), dacordo co seguinte detalle:*

• Redacción do proxecto	9.647,53 €
• Asistencia técnica.....	9.647,53 €
• Coordinación de seguridade e saúde.....	2.411,88 €
Suma.....	21.706,94 €
11 % Gastos Xestión.....	2.387,76 €
Total (IVE excluído).....	24.094,70 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(341).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING) DE 18 VEHÍCULOS DOTADOS DE TRANSFORMACIÓN POLICIAL POR BAIXA DE VEHÍCULO DECLARADO PERDA TOTAL. EXPTE. 34411/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 26/03, do intendente xefe en funcións, conformado polo concelleiro-delegado de área; vistos os informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal de datas 03/01 e 31/03/14, respectivamente, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Modificar o contrato de suministro en réxime de arrendamento (renting) de 18 vehículos dotados con transformación policial, formalizado o 9 de abril de 2011 e adxudicado a BBVA FINANCIÁ AUTORENTING, S.A. pola Xunta de Goberno Local na sesión de 22 de marzo de 2011, (expte. 34411/212), así coma a documentación de licitación, nos seguintes termos:

a) A partires do 20 de xaneiro de 2013, suprímese do obxecto contractual o vehículo da clase I (patrulleiro sen Kit de traslado de detidos), Citroen C4 2654HDK, por perda total do mesmo a causa da caída dunha árbore, quedando a totalidade do obxecto do contrato en 17 vehículos e a relación de vehículos da clase I en 9 unidades.

b) Reducir o prezo total do contrato na cantidade de 30.428,42 €, co seguinte desglose por anualidades :

2013	12.043,82
2014	12.752,28
2015	5.632,32

Segundo.- Aprobar a liquidación ofertada e abonada pola adxudicataria, derivada da regularización dos kilómetros do Citroen C4 2654HDK, e da que resulta un crédito a favor do Concello de 500,90 €.

19(342).- VALIDACIÓN DE GASTOS DERIVADOS DA COBERTURA DA PÓLIZA DE SEGURO DE VIDA E ACCIDENTES DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO E INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA. EXPTE. 25069/220.

Examinadas as actuacións o expediente, visto o informe-proposta do 21/03, da xefa do servizo conformado pola xefa de área e máis polo concelleiro-delegado; visto o informe da Intervención do 07/04, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a convalidación do gasto en concepto de cobertura de contingencias protexidas polo seguro de vida e accidentes do persoal municipal contido na factura presentada por ARTAI CONSULTORES DE SEGUROS, S.A., por importe de 80.726,61 euros, emitida por GENERALI ESPAÑA, S.A., de Seguros e Reaseguros, con domicilio social na C/ Ourense, nº 2, CP 28.020 (Madrid) derivados da cobertura do seguro de vida e accidentes indicado, que foi presentada no rexistro xeral do concello en data 28/02/2014 (documento administrativo nº 140025965) e, en consecuencia, ordenar o pago da factura indicada, por un importe total de 80.726,61 €, dispoñendo o seu aboamento con cargo á aplicación orzamentaria 221.0.162.05.00 dos vixentes orzamentos municipais, nos termos dos informes emitidos no presente expediente.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado/a, Intervención Xeral Municipal e Servizo de Contratación aos efectos oportunos.

20(343).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDETES AOS MESES DE OUTUBRO 2013 E FEBREIRO DE 2014. EXPTE. 25049/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do 04/04, da técnica de Formación, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado; visto o informe de Intervención do 07/04, a Xunta de Goberno Local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal que figura nas realacións que forman parte do expediente, asinadas polos respectivos xefes e servizo e conformadas polos concelleiros-delegados das Áreas correspondentes, dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Alcaldía (conductores)	De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	Febreiro-2014	148,00

Extinción Incendios	De Alonso Barciela, Rubén a Veiga García, Rubén	Febreiro-2014	377,00
SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Policia Local (Xulgado)	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vila Campos, Francisco	Febreiro-2014	864,00
Policia Local (Horas en exceso)	De Alonso Couñago, César a Vázquez Domínguez, Juan Diego	Febreiro-2014	381,55
Inspección Vías e Obras	De Barciela Simón, Benito a Matilde Viñas, J. Eugenio	Outubro-2013	85,00
Ospio	De Ferro Macho, Angel a Vázquez Rial, Ramón	Outubro-2013	51,00
Parque Central	De Abelleira Porrua a Rodríguez Boente, Eduardo	Outubro-2013	74,00
Parque Móbil (Parque Central)	De Cuervo Coomonte, Luciano a Troncoso Martínez, Avelino	Setembro e Outubro-2013	127,00
Parque Móbil (Vías e Obras)	De Alonso Iglesias, Manuel a Prieto Domínguez, Florentino	Setembro e Outubro-2013	81,00
Parque Móbil (Limpeza)	De Quintas Pérez, Manuel	Outubro-2013	20,00
Parque Móbil (Desinfección)	De Jesús Pérez Tomé	Setembro e Outubro-2013	33,20
Vías e Obras	De Rodríguez Lestón, Bernardo	Setembro-2013	10,00
Desinfección	De Pardellas Avión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	Outubro-2013	90,00
Cultura	De Vázquez Martínez, Ramón	Outubro-2013	8'30
Montes, Parques e Xardíns	De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Dasilva, Eduardo A.	Agosto, Setembro e Outubro-2013	364,00

O montante do presente expediente ascende a un total de 25.655,51 €.

21(344).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS, 3º TRIMESTRE EXPTE. 24603/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 04.03.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 10.02.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión

Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

- *Encomenda de Funcións ao funcionario D. Covelo Roma, Rosendo Gonzalo; con nº persoal 23.627 e co DNI 36077859-J.*

En cumprimento da resolución de data 12 de maio de 2008 o Concelleiro de Xestión Municipal encomendou temporalmente a D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con nº persoal 23.627 e DNI 36077859-J, as funcións de dirección administrativa do Verbum, ata cobertura definitiva do posto.

As funcións de dirección administrativa do Verbum, a maiores de ter vinculación administrativa ten tamén una vinculación directa coas tarefas de dirección do Verbum, sobre todo tendo en conta que dende a data da encomenda de funcións o posto de Director do Verbum atópase vacante, o que motivou o obxecto da encomenda. Dita situación foi aclarada en escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerándose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras.

O funcionario obxecto da encomenda desenvolveu unha serie de proxectos, ademais da xestión da unidade e dos asuntos relacionados coa exposición permanente, os cales se relacionan no anexo que achégase co expediente de produtividade.

En base á adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, o desempeñado na área de Deportes e o de Director Verbum-Casa das Palabras solicítase o aboamento do complemento de produtividade para o período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro de 2013.

- *Encomenda de funcións D Jesús López Moure, Nº de persoal 77210 e co DNI 36106611-S.*

Con data 19 de xullo de 2011, o concelleiro-delegado de xestión municipal resolveu encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, “as funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas, e asistencia á concelleira-delegada da citada área”, ao funcionario D Jesus Lopez Moure, con nº de persoal 77210. Así mesmo, neste decreto estipulábase que “as funcións desenvolveranse baixo a dependencia directa da concelleira-delegada da Área, quen deberá acreditar e avaliar a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvolvidas, aos efectos de proceder eventualmente á tramitación do expediente administrativo de produtividade polo desempeño das funcións obxecto de encomenda”

O concelleiro-delegado da área, en escrito de data 1 de outubro de 2013 amosa a súa total satisfactoriedade coas funcións desenvolvidas polo funcionario Jesús López Moure, e a súa efectividade diaria no desenvolvemento das súas responsabilidades no 3º trimestre do ano 2013

- *Encomenda de funcións D Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389 e co DNI 32677831-Y.*

En data 1 de setembro de 2011, resolveuse encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao funcionario D. Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79.389, co posto de Xefe da Oficina Administrativa de Actividades e Instalacións as seguintes funcións:

- *Coordinación, control administrativo e seguimento das actividades dos servizos do OA “Xerencia Municipal de Urbanismo”, sen prexuízo da superior xefatura que lle*

corresponde estatutariamente á persoa designada como Xerente en relación coa dirección, impulso e inspección de todos os servizos, dependencias e unidades da Xerencia e do persoal que presta nela os seus servizos.

- As propias da Xefatura da Oficina da Concellería da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, baixo a dependencia directa da mesma.

- As funcións de colaboración que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ao cidadán, no ámbito competencial propio da Concellería de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos,

con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a supervisión directa da Concelleira Delegada de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos

A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestructuración de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.

En data 3 de outubro de 2013, a Concelleira delegada da area de urbanismo, cascos históricos e patrimonio, informa do elevado grado de satisfacción co desenvolvemento das tarefas encomendadas e desenvolvidas polo funcionario no 3º trimestre do ano 2013.

- Encomenda provisional de funcións a D. Rodríguez Ferreira, Albino; con nº persoal 77.274 e DNI 36025379-L.*

En resolución da Alcaldía de 26 de outubro de 2010 otorgábaselle a D. Albino Rodríguez Ferreira o cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, por vacante do posto, ata o nomeamento de Presidente Titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase: o especial rendemento, dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.

O apartado terceiro da antedita Resolución especifica que en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño dos cargos, os funcionarios nomeados percibirán, durante o período que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade, excluída do previsto nas instrucións de plantilla, a diferenza retributiva que podía existir entre os complementos de destino e específico dos postos que son titulares e os cargos para os que se lles nomea provisionalmente e accidentalmente

Dende o 01/04/2013 ata o 30/06/2013 celebráronse as Sesións do Tribunal Económico-Administrativo, números do 08 ao 13 do ano 2013, resolvéndose nas mesmas un total de 62 expedientes

En data 30 de outubro de 2013 faise chegar ata a Oficina de Recursos Humanos o informe de petición de aboamento polas funcións correspondentes ao cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo Municipal, labor que desempeñou no 3º trimestre do presente ano.

- Encomenda de funcións a D. San Luis Costas, Avelino; con nº persoal 9.900 e DNI 35946375-C.*

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou recoñecer ao funcionario D. Avelino San Luis Costas, xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400€, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente.

As vixentes instrucións de plantilla e relación de postos de traballo, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.

En data 16 de outubro de 2013, remítese informe ao Servizo de Recursos Humanos, no que se sinala o cumprimento a maiores co horario establecido para o persoal municipal, ampliando a súa xornada laboral durante o terceiro trimestre do ano, por parte do devandito funcionario. Faise constar que durante o 3º trimestre do presente ano 2013 non so non mermaron senon que se incrementaron as tarefas desenvoltas, polo que procede o abono da produtividade proposta pola Xunta de Goberno Local en data 3 de abril de 2007, por importe de 2.600€.

- *Encomenda de funcións D Francisco J Gutierrez Orue , con nº de persoal 13920 e DNI 13894232*

Por Resolución de data 3/1/2013, encomendouse provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Participación e Atención Cidadá, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma. Dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a sinatura da Resolución e dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos, do posto de xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2013, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

En data 29 de outubro de 2013 recibese no Servizo de Recursos Humanos a solicitude de aboamento de produtividade polo desenvolvemento das funcións encomendadas no 3º trimestre do ano 2013

- *Encomenda de funcións a D^a. Vieites Alen, María Dolores; con nº persoal 77.222 e co DNI 36101442-K.*

Segundo resolución do Concellerío de Xestión Municipal de data 28 de febreiro de 2008 fóronlle encomendadas a D^a. María Dolores Vieites Alen, con nº persoal 77.222 e posto de técnico medio de servizos económicos adscrita á Dirección de Ingresos, funcións de inspección conxunta no Imposto de Bens Inmóbeis en colaboración coa Subxerencia Territorial do Catastro de Vigo do conformidade co disposto na sección 5ª do título III do Regulamento do Catastro Inmobiliario e actuacións de Inspección no Imposto de Construcións, Instalacións e Obras e outras actuacións inspectoras que determine a Concellería de Economía e Facenda.

Esta encomenda de funcións constitúe unha medida extraordinaria e imprescindible para o cumprimento dos obxectivos do Presuposto de Ingresos marcados nos Plans de Control Tributario que aproba anualmente a Concellería de Economía e Facenda.

Segundo acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 24 de maio de 2010, estimouse procedente que a D^a. María Dolores Vieites Alen, abonarase en concepto de produtividade por especial rendemento e actividade extraordinaria, o importe de 650 € cada trimestre no caso de cumprir un dos seguintes obxectivos:

- a) Que teña asinado un numero de actas igual ou superior a 20*
- b) Que teña liquidado en concepto de débeda tributaria máis sanción un importe igual ou superior a 400.000€*

No caso de non acadar ningún dos dous obxectivos, o importe da produtividade reducirase na mesma proporción en que quedase reducido o criterio b)

En data 23 de outubro de 2013 a Directora de ingresos, con conforme da Concelleira delegada remite a o Servizo de Recursos Humanos o informe proposta do complemento de produtividade de D^a. María Dolores Vieites Alen, sinalando o cumprimento de obxectivos mínimos propostos para o abaoamento no seu favor da produtividade, en relación aos dous trimestres comprendidos entre marzo-xuño 2013.

- Encomenda de funcións a D. Jose Franco Reza; con nº persoal 77172.*

En data 22 de maio de 2013 resolveuse por parte do Concellerío Delegado de Xestión Municipal, no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostenta por delegación efectuada en Decreto de data 13 de xuño do 2011 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal encomendar provisionalmente ao funcionario D. Jose Franco Reza, NP 77172, con posto Codg 140 "Auxiliar Administrativo", funcións de desenvolvemento de ferramenta web para a campaña verán xove 2013 do servizo de xuventude, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefa do Servizo de Xuventude e a Concelleira Delegada da Area

En data 31 de xullo de 2013 realizase reserva de crédito nº 50056) por importe de 1224,75€

En data 27 de setembro de 2013 recibese solicitude da Xefa do servizo de Xuventude no que se refiren as tarefas levadas a cabo polo funcionario D Jose Franco Reza com motivo da encomenda de funcións realizada en data 22 de maio de 2013.

- Encomenda de funcións a D. Antonio Villanueva Guimerans; con nº persoal 78152.*

En data 25 de marzo de 2013, o Concelleiro delegado de Administración Electronica, solicítase a realización dunha encomenda das funcións correspondente ao posto de Xefe do Servizo de Administración Electronica, a D Antonio Villanueva Guimerans , NP 78152, con posto Codg 222 "Adxunto ao Xefe do Servizo de Administración Electronica", ata a incorporación do titular da súa baixa por IT , iniciada o día 8 de febreiro de 2013

Por Resolución de data 2 de maio de 2013, encomendase provisional e transitoriamente ao funcionario Encomendar provisionalmente ao funcionario D Antonio Villanueva Guimerans , NP 78152, con posto Codg 222 "Adxunto ao Xefe do Servizo de Administración Electronica", as funcións correspondentes ao posto de Xefe do Servizo de Administración Electronica , con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección do Concellerío Delegado de Administración Electronica. Dita encomenda, de carácter provisional, ten

validez dende a data da Resolucion e ata que se proceda á reasignación de efectivos ou incorporacion do funcionario adscrita ao posto acumulado, e en todo caso ata 31 de decembro do 2013, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo

En data 31 de xullo de 2013 realizase reserva de credito nº 50056) por importe de 5826.80€

En data 8 de novembro de 2013 asinase petición de aboamento de complemento de produtividade a dito funcionario pola realización das tarefas encomendadas ata o 31 de outubro de 2013.

Coincidese co sinalado nos informes da Intervención Xeral en relación co aboamento de complementos de produtividade consecuencia de encomendas de funcións, en canto a súa fiscalización e oportuna reserva de credito previo a adopción do acordo así como a prevalencia dos acordos adoptados ante outros posibles supostos de retribucións en concepto de produtividade.

En relación co incremento da xornada laboral susceptible de xustificar adicionalmente a efectiva realización dos traballos, debe sinalarse que os datos relativos a tal aspecto están á disposición da Intervención Xeral Municipal no Servizo de Recursos Humanos para calquera comprobación ou solicitude de aclaración adicional que se precise, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea

Así mesmo e dado o escenario orzamentario actual, considerase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestructuración de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcións, e que , no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estritamente provisional.

As solicitudes de realización de encomendas de funcións deberán estar debidamente motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duración, imposibilidade de redistribución de tarefas entre os efectivos do servizo, asignación de funcións non atribuíbles a outros postos, xustificación da imposibilidade de realización das funcións e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc). e sempre que resulten axeitadas a clasificación, grao ou categoría profesional.

No caso de asignación de funcións de postos de categoría superior, poderíase contemplar a posibilidade de adscripción provisional por un período máximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcións do posto.

Así mesmo, considerase imprescindible a redefinición de parámetros de asignación de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcións, incluídos nas vixentes instrucións de plantilla.

Os devengos retributivos en concepto de produtividade e gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle a Lei 7/2007, do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) no seu artigo 24. Dado que o novo réxime retributivo deseñado na devandita norma xurídica non entrará en vigor ata a o desenvolvemento lexislativo posterior consonte á Disposición Final Cuarta da mesma norma, e vista a derogación expresa que do artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, efectúa a Disposición Derogatoria

Única, apartado b), debe acudirse ao preceptuado na Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2013

En igual senso, o artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de produtividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento durante un período de tempo devenguen dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais dos traballadores/as.

As vixentes Instruccións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción (Instrucción Terceira, parágrafo sexto):

“En todo caso, retribuirase:

a) A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

Para a súa tramitación será imprescindible proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da Área. O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da acumulación no mesmo día na que se produza, remitindo a Unidade de Persoal informe no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, así como a avaliación do desempeño das tarefas acumuladas.

En ningún caso poderase acumularse postos de inferior categoría.”

A produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados.

Na actualidade non existe no Concello mecanismo algún que permita efectuar unha avaliación do rendemento dos empregados públicos municipais –mecanismo a todas luces recomendable e case imprescindible aos efectos de que os devengos retributivos en concepto de produtividade se asignen consonte a criterios obxectivos. Lémbrese que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase na actualidade pendente de desenvolvemento normativo, tanto por parte do lexislador estatal como polas Comunidades Autónomas no seu marco competencial constitucionalmente asignado, polo que tampouco están definidos criterios legais que servan de orientación a estes efectos e que permitan a aprobación de mecanismos ou sistemas acordados coa vontade do lexislados e que sexan homoxéneos para a totalidade das Administracións Públicas.

No cadro seguinte recollense os datos referentes ao disfrute de vacacións ou baixas por Incapacidade Temporal (enfermidade común) no períodos reflexados.:

N.P.	NOME	PERIODO	IT	Vacacións	AP
23627	Covelo Roma Rosendo	1/7-30/9/2013	0	20	2
79389	Couce Senra; Oscar	1/7-30/9/2013	0	14	0

77210	Lopez Moure Jesus	1/7-30/9/2013	0	22	0
77274	Rodríguez Ferreira, Albino	1/7-30/9/2013	0	0	1
N.P.	NOME	PERIODO	IT	Vacacions	AP
9900	SanLuis Costas, Avelino	1/7-30/9/2013	0	20	1
13920	Gutierrez Orue Francisco Jose	1/7-30/9/2013	0	13	0
77222	Vietez Alen, Maria Dolores	marzo-agosto 2013	7	21	1
78152	Villanueva Guimerans , Antonio	1/5-31/10/2013	0	0	3
77172	Franco Reza, jose	22/5-6/9/2013	0	5	0

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1. Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

N.P.	DNI	NOME	PERIODO	IMPORTE
23627	36077859	Covelo Roma Rosendo	1/7-30/9/2013	1.582,59 €
79389	32677831	Couce Senra; Oscar	1/7-30/9/2013	1.516,10 €
77210	36106611	Lopez Moure Jesus	1/7-30/9/2013	1.404,13 €
77.274	36025379-L	Rodríguez Ferreira, Albino	1/7-30/9/2013	2600
9.900	35946375	SanLuis Costas, Avelino	1/7-30/9/2013	1.993,33 €
13.920	13894232R	Gutierrez Orue Francisco Jose	1/7-30/9/2013	1.792,05 €
77222	36101442K	Vietez Alen, Maria Dolores	marzo-agosto 2013	1300
78152	52493256B	Villanueva Guimerans , Antonio	1/5-31/10/2013	4.911,16 €
77172	36097780Q	Franco Reza, jose	22/5-6/9/2013	991,47 €
				18.090,83 €

2. Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 18090.83 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 “Productividade”.

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(345).- PRODUTIVIDADE POR ENCOMENDA DE FUNCIÓNS, 4º TRIMESTRE 2013 DIVERSOS FUNCIONARIOS. EXPTE. 24867/220

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.03.14, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 28.02.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións; e dado que resulta imprescindible manter o correcto funcionamento dos Servizos municipais, en canto a xestión do mesmos, tramitación de expedientes administrativos, desenvolvemento e seguimento de programas dos servizos, etc, a fin de garantir a adecuada prestación do servizo público, o Concelleiro delegado de Xestión Municipal resolveu encomendar provisionalmente a distintos funcionarios municipais funcións propias doutros postos de traballo vacantes, con carácter estritamente provisional e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esten adscritos, como das características inherentes ás prazas das cales son titulares.

•*Encomenda de Funcións ao funcionario D. Covelo Roma, Rosendo Gonzalo; con nº persoal 23.627 e co DNI 36077859-J.*

En cumprimento da resolución de data 12 de maio de 2008 o Concelleiro de Xestión Municipal encomendou temporalmente a D. Rosendo Gonzalo Covelo Roma, con nº persoal 23.627 e DNI 36077859-J, as funcións de dirección administrativa do Verbum, ata cobertura definitiva do posto.

As funcións de dirección administrativa do Verbum, a maiores de ter vinculación administrativa ten tamén una vinculación directa coas tarefas de dirección do Verbum, sobre todo tendo en conta que dende a data da encomenda de funcións o posto de Director do Verbum atópase vacante, o que motivou o obxecto da encomenda. Dita situación foi aclarada en escrito do Coordinador da Tenencia de Alcaldía de data 17 de novembro de 2008, considerandose acumulado o posto de Director do Verbum-Casa das palabras.

O funcionario obxecto da encomenda desenvolveu unha serie de proxectos, ademais da xestión da unidade e dos asuntos relacionados coa exposición permanente, os cales se relacionan no anexo que achégase co expediente de produtividade.

En base á adicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo, o desempeñado na área de Deportes e o de Director Verbum-Casa das Palabras solicítase o aboamento do complemento de produtividade para o periodo comprendido entre o 1 de outubro ao 31 de decembro de 2013.

•*Encomenda de funcións D Jesús López Moure, Nº de persoal 77210 e co DNI 36106611-S.*

Con data 19 de xullo de 2011, o concelleiro-delegado de xestión municipal resolveu encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, "as funcións de coordinación, planificación e supervisión administrativa e orzamentaria e de programación dos servizos da Área de Cultura e Festas, e asistencia á

concelleira-delegada da citada área”, ao funcionario D Jesus Lopez Moure, con nº de persoal 77210. Así mesmo, neste decreto estipulábase que “as funcións desenvolveranse baixo a dependencia directa da concelleira-delegada da Área, quen deberá acreditar e avaliar a efectividade e satisfactoriedade das funcións desenvoltas, aos efectos de proceder eventualmente á tramitación do expediente administrativo de produtividade polo desempeño das funcións obxecto de encomenda”

O concelleiro-delegado da area, en escrito de data 2 de xaneiro de 2014 amosa a súa total satisfactoriedade coas funcións desenvoltas polo funcionario Jesús López Moure, e a súa efectividade diaria no desenvolvemento das súas responsabilidades no 4º trimestre do ano 2013

•Encomenda de funcións D Oscar Couce Senra, con nº de persoal 79389 e co DNI 32677831-Y.

En data 1 de setembro de 2011, resolveuse encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, ao funcionario D. Óscar Couce Senra, con nº de persoal 79.389, co posto de Xefe da Oficina Administrativa de Actividades e Instalacións as seguintes funcións:

- Coordinación, control administrativo e seguimento das actividades dos servizos do OA “Xerencia Municipal de Urbanismo”, sen prexuízo da superior xefatura que lle corresponde estatutariamente á persoa designada como Xerente en relación coa dirección, impulso e inspección de todos os servizos, dependencias e unidades da Xerencia e do persoal que presta nela os seus servizos.
- As propias da Xefatura da Oficina da Concellería da Área de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos, baixo a dependencia directa da mesma.
- As funcións de colaboración que sexan necesarias para garantir a mellor calidade no servizo ao cidadán, no ámbito competencial propio da Concellería de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos,

con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a supervisión directa da Concelleira Delegada de Urbanismo, Grandes proxectos e Cascos Históricos

A presente encomenda terá carácter estritamente provisional e durará ata que se deixe sen efecto mediante acto administrativo posterior, ou ben ata a implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, ou reestruturación de áreas e servizos a realizar no marco da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais.

En data 27 de xaneiro de 2014, a Concelleira delegada da area de urbanismo, cascos historicos e patrimonio, informa do elevado grado de satisfaccion co desenvolvemento das tarefas encomendadas e desenvolvidas polo funcionario no 4º trimestre do ano 2013.

•Encomenda provisional de funcións a D. Rodríguez Ferreira, Albino; con nº persoal 77.274 e DNI 36025379-L.

En resolución da Alcaldía de 26 de outubro de 2010 otorgábaselle a D. Albino Rodríguez Ferreira o cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo, por vacante do posto, ata o nomeamento de Presidente Titular polo Pleno da Corporación segundo o disposto no artigo 137 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

As vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase: o especial rendemento, dedicación e a actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.

O apartado terceiro da antedita Resolución especifica que en virtude do especial rendemento requerido e dado o carácter obxectivo no desempeño dos cargos, os funcionarios nomeados percibirán, durante o período que desempeñen as funcións mencionadas e en concepto de produtividade, excluída do previsto nas instrucións de plantilla, a diferenza retributiva que podía existir entre os complementos de destino e específico dos postos que son titulares e os cargos para os que se lles nomea provisionalmente e accidentalmente

Dende o 01/10/2013 ata o 31/12/2013 celebráronse as Sesións do Tribunal Económico-Administrativo, números do 21 ao 25 do ano 2013, resolvéndose nas mesmas un total de 32 expedientes

En data 12/2/2014 faise chegar ata ao SErvisor de Recursos Humanos o informe de petición de aboamento polas funcións correspondentes ao cargo de Presidente do Tribunal Económico Administrativo Municipal, labor que desmpeñou no 4º trimestre do presente ano.

•Encomenda de funcións a D. San Luis Costas, Avelino; con nº persoal 9.900 e DNI 35946375-C.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 30 de abril de 2007, acordou recoñecer ao funcionario D. Avelino San Luis Costas, xefe de RR.PP e protocolo, adscrito ao Gabinete de Alcaldía a asignación dun complemento de produtividade por importe anual de 10.400€, a devengar trimestralmente, previo informe do Gabinete de Alcaldía, acreditativo da especial dedicación do funcionario no período correspondente.

As vixentes instruccións de plantilla e relación de postos de traballo, establecen que con cargo ó complemento de produtividade aboarase o especial rendemento e dedicación e actividade extraordinaria pola plena dispoñibilidade do persoal que presta os seus servizos nesta administración.

En data 14/1/2014, remítese informe ao Servizo de Recursos Humanos, no que se sinala o cumprimento a maiores co horario establecido para o persoal municipal, ampliando a súa xornada laboral durante o cuarto trimestre do ano, por parte do devandito funcionario. Faise constar que durante o 4º trimestre do ano 2013 non so non mermaron senon que se incrementaron as tarefas desenvoltas, polo que procede o abono da produtividade proposta pola Xunta de Goberno Local en data 3 de abril de 2007, por importe de 2.600€.

•Encomenda de funcións D Francisco J Gutierrez Orue , con nº de persoal 13920 e DNI 13894232

Por Resolución de data 3/1/2013, encomendouse provisional e transitoriamente ao funcionario D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con nº de persoal 13920, funcións de responsable do Servizo de Participación e Atención Cidadá, con carácter transitorio e sen prexuízo das tarefas propias da praza e posto de traballo asociado ao cal está adscrito, así como outras tarefas que lle sexan encomendadas polo Concelleiro delegado da Área, relacionadas cós servizos adscritos a mesma. Dita encomenda, de carácter provisional, terá validez dende a sinatura da Resolución e dispoñéndose a cesación automática da citada encomenda no momento no cal se produza a cobertura, mediante algun dos mecanismos legamente previstos, do posto de xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, e en todo caso ata o 31 de decembro de 2013, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

En data 29 de xaneiro de 2014 recibese no Servizo de Recursos Humanos a solicitude de aboamento de produtividade polo desenvolvemento das funcións encomendadas no 4º trimestre do ano 2013

- *Encomenda de funcións a D. Antonio Villanueva Guimerans; con nº persoal 78152.*

En data 25 de marzo de 2013, o Concelleiro delegado de Administración Electronica, solicítase a realización dunha encomenda das funcións correspondente ao posto de Xefe do Servizo de Administración Electronica, a D Antonio Villanueva Guimerans , NP 78152, con posto Codg 222 "Adxunto ao Xefe do Servizo de Administración Electronica", ata a incorporación do titular da súa baixa por IT , iniciada o día 8 de febreiro de 2013

Por Resolución de data 2 de maio de 2013, encomendase provisional e transitoriamente ao funcionario Encomendar provisionalmente ao funcionario D Antonio Villanueva Guimerans , NP 78152, con posto Codg 222 "Adxunto ao Xefe do Servizo de Administración Electronica", as funcións correspondentes ao posto de Xefe do Servizo de Administración Electronica , con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección do Concelleiro Delegado de Administración Electronica. Dita encomenda, de carácter provisional, ten validez dende a data da Resolución e ata que se proceda á reasignación de efectivos ou incorporación do funcionario adscrita ao posto acumulado, e en todo caso ata 31 de decembro do 2013, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo. En data 31 de xullo de 2013 realizase reserva de crédito nº 50056) por importe de 5826.80€. En data 29/1/2014 asinase petición de aboamento de complemento de produtividade a dito funcionario pola realización das tarefas encomendadas no 4º trimestre do ano 2014.

8.- Landin Lorenzo, M Angeles. Periodo 1-31/12/2013

Por Resolución de data 1/12/2013 do Concelleiro delegado de Xestión Municipal encomendase provisionalmente a funcionaria Dª . M Angeles Landin Lorenzo, N.P. 81470, con posto Codg 140 "Auxiliar Administrativo" , funcións correspondentes ao posto de administrativo no T.E.A., con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección do Presidente de dito Tribunal.

En data 11/2/2014 recíbese solicitude de aboamento de produtividade pola realización das funcións encomendadas no período 1-31/12/2014

9.- Vicente Rodriguez, Carolina, Periodo 1/1-31/12-2013

Mediante resolución de data 1 de xullo de 2008, o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal resolveu encomendar, ao abeiro do disposto no artigo 73 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, funcións de colaboración e apoio administrativo ao Técnico de Intervención D. Javier Muradas Blanco, á funcionaria municipal Dª Carolina Vicente Rodriguez, con nº de persoal 22.119, auxiliar de admón. xeral adscrita á Intervención Xeral, con carácter provisional ata a cobertura dos postos de persoal administrativo vacantes actualmente na Intervención Xeral ou ata a unha organización do traballo do servizo de xeito diferente ao actual, e realízase sen prexuízo das funcións inherentes ao seu posto de traballo de auxiliar de admón. Xeral contidas na Guía de Funcións dos Postos de Traballo do Concello de Vigo plenariamente aprobada.

A Xunta de Goberno, na súa sesión de data data 29/9/2008 acordou recoñecer a funcionaria Dª Carolina Vicente Rodríguez, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral e nº de persoal 22119, un complemento de produtividade anual por importe de 2,800.00 € a devengar trimestralmente polos cometidos extraordinarios que ven desempeñando segundo Resolución do Concelleiro delegado de Xestión Municipal, de data 1 de xullo de 2008, previo informe acreditativo do servizo.

Coincidese co sinalado nos informes da Intervencion Xeral en relacion co aboamento de complementos de produtividade consecuencia de encomendas de funcions, en canto a súa fiscalizacion e oportuna reserva de credito previo a adopcion do acordo asi como a prevalencia dos acordos adoptados ante outros posibles supostos de retribucions en concepto de produtividade.

En relación co incremento da xornada laboral susceptible de xustificar adicionalmente a efectiva realización dos traballos, debe sinalarse que os datos relativos a tal aspecto están á disposición da Intervención Xeral Municipal no Servizo de Recursos Humanos para calquera comprobación ou solicitude de aclaración adicional que se precise, lembrando que constitúe responsabilidade dos respectivos xefes/as de servizo a correcta reordenación das cargas de traballo dos efectivos ao seu cargo, de xeito que non se xeneren situacións de desempeño de máis de un posto en franxa horaria simultánea

Así mesmo e dado o escenario orzamentario actual, considerase a urxencia de implantación de novas estruturas organizativas e funcionais, a reestructuración de áreas e servizos, dentro da potestade de autoorganización legalmente recoñecida ás Entidades Locais, que den lugar a eliminación ou como menos a minimización da realización de encomendas de funcions, e que , no caso de ser inevitables, se enfatice o seu carácter estritamente provisional.

As solicitudes de realización de encomendas de funcions deberán estar debidamente motivada e xustificada a súa urxencia e necesidade (IT longa duracion, imposibilidade de redistribucion de tarefas entre os efectivos do servizo, asignacion de funcions no atribuíbles a outros postos, xustificacion da imposibilidade de realización das funcions e tarefas encomendadas polos efectivos existentes, etc). e sempre que resulten axeitadas a clasificación, grao ou categoria profesional.

No caso de asignacion de funcions de postos de categoria superior, poderiase contemplar a posibilidade de adscripcion provisional por un periodo maximo definido, condicionado a realización satisfactoria das funcions do posto.

Así mesmo, considerase imprescindible a redefinicion de parametros de asignacion de complementos de produtividade nos casos de acumulación de funcions, incluídos nas vixentes instruccións de plantilla.

O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) publicada no BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007; norma de carácter básico ao abeiro do disposto no artigo 1 da mesma.

Unha das innovacións introducidas no marco normativo do EBEP concrétese no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concebindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dicte na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c). Introdúcense así -non por vez primeira na nosa lexislación, pero sí de modo moi claro- os sistemas de avaliación do rendemento e da calidade do traballo dos empregados públicos, co lóxico obxectivo de acadar Administracións Públicas modernas, eficaces, que servan con axilidade aos intereses xerais dende o marco legal preconfigurado, e que sexan incluso susceptibles de seren sometidas a avaliacións mediante estándares de calidade, aos efectos de medir tanto a eficiencia económica por sectores en relación co gasto público efectuado, como o grao de satisfacción dos administrados coa prestación do servizo.

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado na Lei 7/2007, do 12 de abril, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dicte en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 22/2013 de 23 de diciembre, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, que contempla o complemento de produtividade como aquel complemento destinado a retribuir o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade dacordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de productividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

En Sentenza do Tribunal Supremo de 23 de xullo do 1996 ratifícase o carácter básico das retribucións complementarias e, conseguintemente, a necesidade de que as mesmas se adecúen aos criterios fixados para a Administración Xeral do Estado.

Específicamente, o Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local -vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que éste está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) -30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentada para cada exercicio económico -excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

As vixentes Instruccions sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 20 de setembro de 2010 recollen expresamente unha detallada regulación do complemento de produtividade e dos requisitos para a súa percepción (Instrucción Terceira, parágrafo sexto):

“En todo caso, retribuirase:

- A actividade e dedicación extraordinaria derivada da acumulación temporal de dous postos de traballo por motivos de urxencia e necesidade debidamente acreditados, autorizada pola Alcaldía, tralo informe favorable da Xunta de Persoal, por importe equivalente ao do complemento de destino do posto acumulado.

Para a súa tramitación será imprescindible proposta do Xefe do Servizo, conformada polo Concelleiro/a Delegado/a da Área. O Xefe do Servizo deberá dar conta á Unidade de Persoal da finalización da acumulación no mesmo día na que se produza, remitindo a Unidade de Persoal informe no que se faga constar as tarefas desempeñadas correspondentes ao posto acumulado, así como a avaliación do desempeño das tarefas acumuladas.

En ningún caso poderase acumularse postos de inferior categoría.”

A produtividade deberase calcular en función dos días efectivamente traballados.

Na actualidade non existe no Concello mecanismo algún que permita efectuar unha avaliación do rendemento dos empregados públicos municipais –mecanismo a todas luces recomendable e case imprescindible aos efectos de que os devengos retributivos en concepto de produtividade se asignen consonte a criterios obxectivos. Lémbrese que a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, atópase na actualidade pendente de desenvolvemento normativo, tanto por parte do lexislador estatal como polas Comunidades Autónomas no seu marco competencial constitucionalmente asignado, polo que tampouco están definidos criterios legais que servan de orientación a estes efectos e que permitan a aprobación de mecanismos ou sistemas acordos coa vontade do lexislados e que sexan homoxéneos para a totalidade das Administrazións Públicas.

No cadro seguinte recollense os datos referentes ao disfrute de vacacións ou baixas por Incapacidade Temporal (enfermidade común) no períodos reflexados.:

N.P.	NOME	PERIODO	IT	Vacacion s	AP
79389	Couce Senra; Oscar	1/10-31/12/2013	0	0	0
23627	Covelo Roma Rosendo	1/10-31/12/2013	0	0	0
13.920	Gutierrez Orue Francisco Jose	1/10-31/12/2013	0	1	3
81470	Landin Lorenzo; M Angeles	1-31/12/2013	0	0	0
77210	Lopez Moure Jesus	1/10-31/12/2013	0	0	0
77.274	Rodríguez Ferreira, Albino	1/10-31/12/2013	0	0	0
9.900	SanLuis Costas, Avelino	1/10-31/12/2013	0	0	0
22119	Vicente Rodriguez, Carolina	1/1-31/12/2013	0	0	
78152	Villanueva Guimerans , Antonio	1/10-31/12/2013	0	0	0

Vistas as circunstancias anteditas, e sempre previo o preceptivo informe de fiscalización en relación á existencia de crédito suficiente na partida de imputación do gasto 922.0.1500000-“Productividade”, nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO.- Outorgar aos empregados municipais que a continuación se relacionan os complementos de produtividade propostos pola realización das funcións encomendadas:

N.P.	DNI	NOME	PERIODO	IMPORTE
79389	32677831	Couce Senra; Oscar	1/10-31/12/2013	1.795,38 €
23627	36077859	Covelo Roma Rosendo	1/10-31/12/2013	2.094,60 €
13.920	13894232R	Gutierrez Orue Francisco Jose	1/10-31/12/2013	2.001,51 €
81470	36091654P	Landin Lorenzo; M Angeles	1-31/12/2013	417,25 €
77210	36106611	Lopez Moure Jesús	1/10-31/12/2013	1.530,39 €
77.274	36025379L	Rodríguez Ferreira, Albino	1/10-31/12/2013	2.600,00 €
9.900	35946375	SanLuis Costas, Avelino	1/10-31/12/2013	2.600,00 €
22119	36080915X	Vicente Rodriguez, Carolina	1/1-31/12/2013	2.800,00 €
78152	52493256B	Villanueva Guimerans , Antonio	1/10-31/12/2013	2.497,20 €
			Total	18.336,33 €

SEGUNDO.- Aprobar e comprometer o gasto por importe total de 18336.83 € en concepto de produtividade a favor dos empregados municipais anteriormente referenciados, con cargo á partida orzamentaria 922.0.1500000 "Productividade".

Dése traslado do presente acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboeiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(346).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA ALGUACIL-NOTIFICADOR/A BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.A DA LEI 7/2007 DE 12 DE ABRIL (EBEP), POR UN PERIODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 24625/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.04.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Alguacil, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de data 18 de novembro de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.525,50€, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. M^a. DOLORES MONTENEGRO GREGORIO, DNI. 36.134.169-L, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Alguacil, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 152, alguacil-notificador/a, sendo adscrita ao Servizo de Conserxería (cód. 201).

Cuarto.- A xornada laboral da traballadora nomeada desenvolverase en horario de mañán ou de tarde según as necesidades do servizo de Conserxería.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

24(347).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ARTIGO 10.1.A DA LEI 7/2007 DE 12 DE ABRIL, DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO(EBEP) , POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 24579/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 3.04.14, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 7.12.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Rexistro Xeral contidas no escrito de data 15 de outubro de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.747,62€, dos cales 895,63€ corresponden ao exercicio 2013 e os 9.851,99€ ao vindeiro exercicio 2014, con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un periodo máximo de seis meses, a D. JOSÉ LUIS IZQUIERDO MARTÍN, DNI 32.633.254-A, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrito ao Servizo de Rexistro Xeral (cód. 232).

Cuarto.- A xornada laboral do traballador nomeado, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

25(348).- EXECUCIÓN DE SENTENZA Nº 280/2013, DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 236/2013, INTERPOSTO POR D. JOAQUÍN GÁNDARA MARTÍNEZ (INCENTIVO Á XUBILACIÓN). EXPTE. 25038/220

Visto o informe de fiscalización do 3.04.14, dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 21.03.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- *En data 04/02/2013 recíbese comunicación da Asesoría Xurídica Municipal de sentenza nº 280/13, de 23 de setembro, dictada no procedemento 236/2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 dos de Vigo, interposto por D. Joaquín Gándara Martínez, en relación co abono do incentivo á xubilación anticipada.*

2.- *Na indicada sentenza fallase literalmente:*

“Que estimando como estimo el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D. Joaquín Gándara Martínez frente al Concello de Vigo, seguido como proceso abreviado número

236/2013 ante este Juzgado, debo declarar y declaro nulo el acuerdo adoptado por la Xunta de Gobierno Local el 21 de diciembre de 2012.

En consecuencia, debo declarar y declaro que el demandante obtuvo, por resolución expresa, válida y eficaz el derecho a percibir el incentivo por jubilación anticipada por importe de 9.015,18 euros.

Condeno al Concello a abonar al actor la mencionada suma dineraria, más los intereses legales devengados desde el día 9 de enero de 2013 hasta la del efectivo pago o consignación.

Las costas procesales –hasta la cifra máxima de trescientos euros en concepto de honorarios de Letrado- se imponen a la Administración demandada.”

3.- Pola Asesoría Xurídica comunícase que dita sentenza é firme e que corresponde a este Servizo de Recursos Humanos executar en tempo e forma o resolto, polo que procédese á emisión de informe-proposta de resolución ao obxecto de proceder a súa execución.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignen; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

II.- A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118); en idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

III.- Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Gobierno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Gobierno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das

Facendas Locais por importe de 9.744,94 € (9.015,18 € principal, 429,76 € de intereses e 300 € de honorarios de letrado) con cargo a partida 22101610400 "reserva para xubilación anticipada".

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Dar cumprimento ao mandato xudicial contido na Sentenza nº 280/2013, de 17 de decembro de 2013, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no r.c-a (p.a) nº 236/2013, interposto por D. Joaquín Gándara Martínez, DNI 35994501F, e en consecuencia ordenar o aboamento dun importe de 9.744,94 € (9.015,18 € principal, 429,76 € de intereses –cálculo efectuado ata a data sinatura do presente informe- e 300 € de honorarios de letrado) que deberá ingresarse na conta do interesado nº ES92 2080 5139 2730 0002 5802, segundo certificación anexada ao presente expediente.

SEGUNDO.- Pola Tesourería Municipal, deberá comunicarse a este Servizo de Recursos Humanos a data de pagamento efectivo para que pola Asesoría Xurídica Municipal se poda dar conta de dita execución ao Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº 1, notificando asemade ao interesado, Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(349).- RECTIFICACIÓN ERRO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO Nº 24812/220 DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE AGOSTO E DECEMBRO DE 2013. EXPTE. 25078/220

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 04.04.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 07/02/2014, acordou recoñecer e aboar ao persoal do servizo de Extinción de Incendios as cantidades que figuran para cada un deles no informe de Tesourería de data 27.01.2014, segundo relación remitida polo Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento (SEIS).

Na dita relación figura o funcionario municipal D. Manuel Rodríguez Gómez, do indicado SEIS, a que se acordou aboar un importe de 549'82 € correspondente a realización de 53 horas (expediente administrativo nº 24.812/220).

En escrito de data 5 de marzo de 2014, o oficial xefe do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento remite escrito no que se comunica a este servizo o erro detectado na relación remitida, xa que, deberían figurar 29 horas para cobro do funcionario D. Manuel Rodríguez

Gómez (nº persoal 81954) en vez das 53 horas comunicadas na relación de data 2 de xaneiro de 2014, e cuxo importe se incluiu na pasada nómina do mes de febreiro.

No informe de fiscalización de data 04/02/2014 sinálase a existencia de credito pola totalidade da proposta de gasto, sendo en todo caso menor a cantidade resultante da rectificación do erro, polo que non procedería a preceptiva fiscalización previa, ao non conlevar gasto público a proposta de rectificación de erros do acto administrativo indicado; sí procedería, non obstante, a esixencia de reintefreo do importe indebidamente aboado como consecuencia do erro nos listados remitidos polo SEIS.

De conformidade co disposto no artigo 105.2 da vixente Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, ben de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Vistas as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Rectificar, ao abeiro do artigo 105.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, o erro detectado de oficio no escrito do oficial xefe do servizo de Extinción de Incendios de data 5 de marzo de 2014, e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local de data 07/02/2014 (Expte. 24812/220- Gratificación por servizos especiais e extraordinarios do persoal municipal correspondentes aos meses de agosto e decembro de 2013) polo que se aprobou o aboamento da cantidade de 549'82 € correspondente a 53 horas, realizadas por D. Manuel Rodríguez Gómez (nº persoal 81954), funcionario do Servizo de Extinción de Incendios por exceso de xornada, cando deberían figurar un total de 29 horas, segundo informe emitido polo servizo de Extinción de Incendios de data 05.03.2014".

Segundo.- Ordenar que pola Tesourería Municipal se formalice o correspondente reintegro dos importes indebidamente pagados, previa a tramitación administrativa que corresponda nos termos do establecido na lexislación vixente.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, ao Xefe do Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, e á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(350).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN XANEIRO-FEBREIRO DE 2014. EXPTE. 25063/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 24.03.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos

Humanos, do 21.03.14, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 6.010,84 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Estévez Villar e que remata en D. José C. Solá Quiroga-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
70778-250	Vías e Obras	Villar Estévez, Raimundo	36.012.815-J	11682	Febreiro 2014	293,36 €
		Barciela Simón, Benito	36.008.640-R	13617	Febreiro 2014	299,25 €
		Gómez Pascual, Julio	34.901.122-W	11819	Febreiro 2014	261,44 €
		Oujo Gerut, Ventura	36.019.537-L	17740	Febreiro 2014	292,98 €
		Matilde Viñas, Eugenio	36.000.551-P	11831	Febreiro 2014	299,82 €
		Cobas Rey, Eugenio	36.017.739-S	15467	Febreiro 2014	295,83 €
	O.S.P.I.O.	Ferro Mancho, Angel	36.072.730-J	79185	Febreiro 2014	284,05 €
		Lobato Cameselle, Ricardo	35.999.817-X	17489	Febreiro 2014	299,63 €
		Romero Gil-Delgado, Loreto	36.064.307-P	78929	Febreiro 2014	295,83 €
		Vázquez Rial, Ramón	36.022.874-K	13273	Febreiro 2014	299,25 €
10864-77	D.Local e Emprego	Gutiérrez Orúe, Francisco J.	13.894.232-R	13920	Febreiro 2014	25,08 €
10868-77		Pérez Durán, María Gloria	36.099.404-F	79453	Xaneiro- Febr. 2014	18,24 €
6545-320	Participación Cidadá Obras	Zaragoza Bastos, Juan A.	35.997.115-E	17704	Xaneiro 2014	109,63 €
307-201	Conserxería	Fernández Amil, Fernando	36.022.162-E	13706	Febreiro 2014	289,18 €
		Yáñez Rodríguez, Julio	36.031.496-H	17822	Febreiro 2014	301,34 €
88419-210	Mobilidade, Transporte e Seguridade	Roca Dafonte, José Manuel	32.429.643-B	15303	Febreiro 2014	174,99 €
88420-210		Rodríguez Caramés, José M.	35.547.314-D	15355	Febreiro 2014	176,32 €
88421-210		Bacelos González, José	36.023.371-N	15480	Febreiro 2014	170,81 €
29132/29137-502	Inspección de Tributos	Fragua Jamardo, Vicente	36.036.018-D	15510	Febreiro 2014	202,73 €
		Fernández Pedreira, Enrique	36.042.726-R	11529	Febreiro 2014	202,35 €
		Comesaña Rial, Manuel	36.033.647-F	9550	Febreiro 2014	253,46 €
		Domínguez Vázquez, José M.	36.006.131-E	8361	Febreiro 2014	241,11 €
		González Campelos, Manuel	35.997.315-S	23656	Febreiro 2014	254,22 €
10168/255	Cemiterios	Rodríguez López, Adolfo	36.030.284-W	76430	Febreiro 2014	104,88 €
		Pereira Fona, Juan José	36.074.823-J	76563	Febreiro 2014	5,32 €
90979-301	Benestar Social	Rosende Villar, Estela	36.069.110-G	80488	Xaneiro 2014	26,98 €
	Educación	Alonso Asenjo, Beatriz	35.991.455-C	15651	Xaneiro- Febr. 2014	109,82 €
		Codesido Rodríguez, J. Felipe	36.081.823-K	19399	Xaneiro- Febr. 2014	216,98 €

Nº Expte.	Servizo	Traballador	DNI	Nº Persoal	Mes	Importe
	Limpeza	Solá Quiroga, José C.	36.036.109-P	15088	Febreiro 2014	205,96 €
TOTAL						6.010,84 €

	SERVIZO	TOTAL
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	2.921,44 €
2410	Participación Cidadá e Emprego	152,95 €
9220	Conserxería	590,52 €
1330	Mobilidade, Seguridade e Transportes	522,12 €
9310	Servizos Económicos	1.153,87 €
1640	Cemiterios	110,20 €
2310	Benestar Social	26,98 €
3210	Educación	326,80 €
1620	Limpeza	205,96 €
	TOTAL	6.010,84 €

28(351).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATAS 20, 24 E 25 DE ABRIL DE 2014 DE SOLICITUDE AUTORIZACIÓN HORAS DOS SERVIZOS DE LIMPEZA, OSPIO, PARQUE MÓBIL E TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 25104/220.

Dáse conta das resolucións do concelleiro-delegado de Xestión Municipal de autorización de horas extras a persoal dos seguintes servizos:

SERVIZO DE LIMPEZA, Resolución do 24.03.14.

PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Servizo de Limpeza, que seguidamente se indica:

- Angel Alonso González (nº persoal 80679),
- Luciano Arango Fernández (nº persoal 17868),
- Alfonso Puente Veiga (nº persoal 80454),
- Elsa Quintela González (nº persoal 80684),
- Lidia Mª Riveiro Cea (nº persoal 80682),
- Fernando Fernández Pérez (nº persoal 9952),
- Manuel Quintas Pérez (nº persoal 15450),
- Delmiro Garrido Lage (nº persoal 11943),
- J. Manuel Garrido Marcos (nº persoal 15527),
- Oscar Sevilla Valcarcel (nº persoal 81654)
- José C. Sola Quiroga (nº persoal 15088)

A presente autorización outórgase nun máximo total de 660 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril eo 31 de xuño de 2014, nos termos dos escritos asinados polo xefe do Servizo de Limpeza en data 11/03/2014 , que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e normativa de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 20 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

OFICINA DE PROXECTOS, Resolución do 25.03.14

PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito a oficina de Proxectos, que seguidamente se indica:

- *Angel Ferro Mancho (nº persoal 79185),*
- *Ricardo Lobato Cameselle (nº persoal 17489),*
- *Loreto Romero Gil-Delgado (nº persoal 78929),*
- *Ramón Vázquez Rial (nº persoal 13273),*

A presente autorización outórgase nun máximo total de 240 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril eo 30 de xuño de 2014, nos termos do escrito asinado polo xefe da oficina de Proxectos en data 05/03/2014 , que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e normativa de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 20 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

PARQUE MOBIL, Resolución do 31.03.14

PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Parque Móbil, que seguidamente se indica:

- *Antonio Gil González (nº persoal 12753),*
- *Ángel Alonso González (nº persoal 80679),*
- *José Luis Amoedo Moreira (nº persoal 22467),*
- *Francisco Javier Agulla Amorín (nº persoal 78822),*

- Alfonso Puente Veiga (nº persoal 80454),
- Emilio Martínez Bastos (nº persoal 23260)
- Jesús Carballo Magariños (nº persoal 80659),
- José Riveiro Rodríguez (nº persoal 9159),
- Juan Martínez García (nº persoal 81986).

A presente autorización outórgase nun máximo total de 195 horas estimado a realizar durante os meses de abril, maio e xuño de 2014, nos termos dos escritos asinados polo xefe do Parque Móbil en data 17 de marzo de 2014, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e normativa de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 20 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

TALLER DE VÍAS E OBRAS, Resolución do 31.03.14.

PRIMEIRO.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Taller de Vías e Obras, que seguidamente se indica:

- José Manuel Martínez González (nº persoal 13669),
- Federico Rodríguez Prieto (nº persoal 13681),
- Roberto Mariño Sanromán (nº persoal 17348),
- José Luis Amoedo Cabaleiro (nº persoal 78823),
- Daniel Domínguez Alonso (nº persoal 13787),
- José Luis Vázquez de Francisco (nº persoal 1779),
- José Fernando Alonso Correa (nº persoal 13480),
- Lucía Portomeñe Correia (nº persoal 80395),
- Miguel Ángel Fernández González (nº persoal 79148),
- José Carlos Castro Regueira (nº persoal 77221),
- Jesús Bastos Román (nº persoal 17360),
- Juan Ramón López Rivera (nº persoal 76566),
- Rodrigo Rodríguez Rocha (nº persoal 17408),
- Miguel Ángel Alonso Cue (º persoal 17390),
- Delio González Barros (nº persoal 81662),
- José Manuel Martín Barreiro (nº persoal 80672),
- Primitivo Calles Santos (nº persoal 79133),
- José Manuel Gutiérrez Luis (nº persoal 82150),
- Javier Fernández Riveiro (nº persoal 77650),
- Jesús Carballo Magariños (nº persoal 80659)
- Florentino Prieto Domínguez (nº persoal 13221),

- Manuel Alonso Iglesias (nº persoal 15881),
- David Graña Feijoo (nº persoal 82143),
- Bernardo Rodríguez Lestón (nº persoal 11854),
- José Froján Villaverde (nº persoal 13907),
- José Alfonso Pérez Fernández (nº persoal 17354).

A presente autorización outógase nun máximo total de 1.050 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril e o 30 de maio de 2014, nos termos do escrito asinado polo enxeñeiro xefe de Vías e Obras en data 7 de marzo de 2014, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e normativa de concordante aplicación.

SEGUNDO.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2013, nos termos do establecido na Lei 22/2013, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 20 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante, Sr. Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da devanditas resolucións.

29(352).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 22.179,07 € POLOS SERVIZOS DE APOIO Á XESTIÓN DO APARCAMENTO SITO NO SUBSOLO DA PRAZA DE PORTUGAL- FEBREIRO 2014. EXPTE. 301/449.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.04.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 21.03.14, conformado pola xefa da Área de Fomento e o concelleiro delegado de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva e o recoñecemento da obrigaón a favor de "INTERPARKING HISPANIA, S.A", con CIF 60526928-A, polos servizos prestados de apoio á xestión do aparcamento sito no subsolo da Praza de Portugal e refacturación dos gastos do aparcamento previamente abonados pola citade entidade mercantil, con cargo á partida 1330.2279907 (Prestación de servizos aparcamento Praza de Portugal), que se pagarán sen saída real de fondos, en formalización, polo seguinte importe (iva engadido) :

FEBREIRO 2014 : importe 22.179,07 € (funcionamento ordinario parking 5.445 € + refacturación gastos mantemento parking: 16.734,07 €)

30(353).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PROMOCIONES MANUEL VÁZQUEZ S.L. EXPTE. 70842/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25.03.14, dáse conta do informe-proposta do 31.03.14, do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, conformado polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 27/09/2013 autorizouse a Promociones Manuel Vázquez, S.L. á realización dunha acometida eléctrica na rúa Canceleiro, nº 24.

A mentada autorización incluía o depósito dunha fianza por importe de 80,00 € para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar na vía pública por mor das obras.

Con data 07/03/2014, Promociones Manuel Vázquez, S.L. solicita a devolución da fianza solicitada.

Con data 24/03/2014 o inspector de Vías e Obras emite informe no que fai constar que a obra de acometida eléctrica na rúa Canceleiro xa está rematada e que se executou consonte á licenza concedida no seu día.

Así mesmo o expediente remitiuse á Intervención Xeral para informe sobre o estado actual do aval solicitado. A intervención Xeral con data 25/03/2014 emite informe favorable para a devolución da garantía constituída.

Por todo o anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 80,00 € (oitocentos euros) a favor de Promociones Manuel Vázquez, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(354).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS NO ANO 2014. EXPTE. 4145/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 25.02.14, o informe de fiscalización do 27.03.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 26.03.14, conformado pola concelleira delegada de Xuventude e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís no ano 2014, e os anexos obrantes no expediente.

SEGUNDO: Autorizar, ao indicado fin, o gasto de 7.000€ con cargo á partida orzamentaria 3370.489.00.00 "Subvencións para o fomento de actividades xuvenís", do vixente orzamento.

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS. CONCELLARÍA DE XUVENTUDE. 2014.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e programas de carácter xuvenil.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción de actividades xuvenís da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2014 consignan, na partida orzamentaria 3370.489.00.00 "subvencións para o fomento de actividades xuvenís", un crédito por un importe total de 7.000€ (sete mil Euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellaría de Xuventude destina a colaborar no financiamento das actividades de promoción e fomento de actividades xuvenís desenvolvidas dende as entidades e/ou colectivos xuvenís do Municipio.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, tal e como dispoñen os artigos 8 da LXS e 5 da LSG.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento e realización de programas e proxectos xuvenís mixtos, de mozos e mozas, por parte das entidades e/ou colectivos xuvenís da cidade, no ano 2014.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable se ocasionen nas entidades e/ou colectivos xuvenís, polo desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís: actuacións dirixidas ao fomento e á participación do colectivo mozo e que se desenvolvan e realicen dentro do termo municipal de Vigo, programas de animación sociocultural e de carácter formativo e/ou preventivo, actividades de tempo libre e de lecer, actividades relacionadas coa cultura e a creatividade xuvenil e, en xeral, todos aqueles proxectos que se relacionen co ámbito de actuación da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.

Serán subvencionables todos os gastos de desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís ao longo do ano 2014.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 7.000 Euros (sete mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2014; 3370.489.00.00 "Subvención para o fomento de actividades xuvenís". Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia. Neste caso, deberá tramitarse o correspondente expediente de gasto que será obxecto de fiscalización e ademais, este incremento de crédito non poderá tramitarse unha vez aprobada a concesión de axudas.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Poderán solicitar e obter estas axudas :

a) Asociacións xuvenís e/ou entidades xuvenís sen ánimo de lucro inscritas como tal no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Depto. de Participación Cidadá) ou ben que soliciten simultaneamente a súa inscrición no citado Rexistro.

b) Outras entidades (Asociacións ou fundacións) integradas maioritariamente por mozos/as* -100% da xunta directiva- que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ao fomento da participación dos mozos/as e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global. Deberán estar así mesmo inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Dpto. Participación Cidadá).

* Entenderase que, neste caso, a idade máxima para ser considerado/a mozo/a será de ata 35 anos, incluídos.

c) Grupos de mozos/as non constituídos como asociación que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estes grupos de mozos/as deberán cumprir son:

- Estar formados por un mínimo de tres persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 35 anos, ambas incluídas, e residentes no Municipio de Vigo.

o Establecer un representante que será o/a responsable do grupo de mozos/as, maior de idade, con poderes suficientes, e que deberá asumir todas as obrigas que corresponderán a agrupación como beneficiaria da subvención. En todo caso, todos os membros asociados ao beneficiario/a terán igualmente a condición de beneficiarios/as. En consecuencia, a subvención concedida será distribuída a partes iguais entre o número de membros que conforman o grupo beneficiario. Tanto na solicitude como na

resolución de concesión farase constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios/as (en aplicación dos artigos 8.3 da LSG e 11.3 da LXS).

- Os/as membros do grupo de mozos/as non poderán pertencer, como socios ou membros, a ningunha asociación que sexa beneficiaria ou teña solicitado outra subvención das xestionadas pola concellería de Xuventude.
- A agrupación non poderá disolverse ata transcorrido o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de subvencións.

2.- Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As entidades con ánimo de lucro, as administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou orzamentariamente.
 - As entidades que presenten proxectos cuxas actividades poidan ser obxecto doutra convocatoria municipal.
 - Entidades sen ánimo de lucro cuxos fines e principios poidan implicar algún tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, ideoloxía e condición social.
 - As asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores.
 - As entidades que non estean inscritas no Departamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo.
 - Entidades cuxas solicitudes se presentan fóra do prazo establecido.
 - E, en xeral, aqueles proxectos que non se atopan dentro do ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo ou non respondan aos obxectivos desta convocatoria.
- 3.- Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.
- 4.- Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- 5.- Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Realizar a actividade xuvenil subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.- Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.

4º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

5º.- En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que fagan visible a contribución das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.

Para efectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 11 puntos:

Valorarase ata un máximo de 11 puntos en total, resultado da suma ponderada dos diferentes aspectos que se describen a continuación:

- Aspectos da entidade..... Máximo 2 puntos

Experiencia e traxectoria (0.02 /mes)	Máx.0.50 puntos
Colaboración con outras entidades no proxecto (0.25/entidade)	Máx.0.50 puntos
Número de socios/as (0.010 /10 socios)	Máx. 1 punto

- Aspectos do proxecto a realizar.....Máximo 7 puntos

Calidade e solidez do proxecto en conxunto	Máx.1 punto
Fundamentación e estrutura do proxecto	Máx.1 punto
Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto	Máx.1 punto
Adecuación do proxecto coas necesidades da mocidade actual	Máx. 1 punto
Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios)	Máx.1 punto
Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís	Máx.1 punto
Compromiso na utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista nin estereotipada. Para a valoración terase en conta tanto a redacción do proxecto como o contido do mesmo, así como os materiais a empregar e a publicidade.	Máx.1 punto

- Recursos e financiamento.....Máximo 1 punto

<i>Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento público ou privado (0.20/cada entidade patrocinadora)</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
---	---------------------

- c) Emprego lingua galega.....Máximo 1 punto

<i>Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda</i>	<i>Máx. 1 punto</i>
--	---------------------

Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 3 puntos non se considerarán subvencionables.

Nos informes de valoración elaborados, a Concellaría de Xuventude deberá especificar e xustificar que actividades das presentadas non se inclúen na subvención, non podendo ser así financiadas coa contribución económica municipal.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS.

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades e/ou colectivos xuvenís que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións. A distribución farase en base a proporción valor/punto resultante da suma das puntuacións individuais acadadas no proceso de avaliación -que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior- e da contía total prevista para as subvencións.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. O anuncio publicarase ademais nas webs de vigo.org e de xuventudevigo.org facendo constar a data de publicación no BOP e o prazo concreto para presentación de solicitudes.

DÉCIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo 1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda e xustificación destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellaría de Xuventude e na propia páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na web da Concellaría de Xuventude (www.xuventudevigo.org).

A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación segundo o carácter do solicitante:

■ Asociacións e entidades sen ánimo de lucro:

a) Instancia de solicitude da subvención. Anexo 1
b) Orzamento detallado de ingresos e gastos detallando a cantidade solicitada de subvención. Ver modelo Anexo 3b.
c) Declaración do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade. Anexo 2.
d) Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Anexo 4.
e) Certificado de subvencións solicitadas e/ou concedidas. Anexo 5.
f) Certificados orixinais ou copias de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e coa Seguridade social.
g) <u>Proxecto detallado</u> do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, se axuntan no <u>anexo 3</u> . <u>Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.</u>
h) <u>Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria</u> a favor da entidade solicitante.
i) <u>Fotocopia do código de identificación fiscal</u> da entidade solicitante e <u>fotocopia dos estatutos</u> da entidade.
L) Declaración de compromiso do/a representante de que presentará no seu momento a xustificación da subvención no prazo establecido.

■ Grupos de mozos/as:

a)	Instancia de solicitude da subvención asinada por todos os membros do grupo xuvenil. Anexo 1
b)	<u>Relación detallada e asinada por todos</u> , das persoas que compoñen o grupo, indicando nome, DNI, enderezo e teléfono de cada unha, así como a súa <u>previsible función no proxecto</u> (organizador, colaborador, beneficiario...). Engadirase a esta relación a fotocopia do DNI de todos/as os/as integrantes do grupo.
c)	Certificados orixinais ou copias, de todos os membros do grupo, de estar

	ao corrente no pago dos impostos correspondentes a nivel municipal, Seguridade Social, Facenda e Axencia Tributaria.
d)	<u>Declaración xurada e asinada de cada un dos membros do grupo</u> na que expresamente se manifeste: <ul style="list-style-type: none"> • Que acepta todas as obrigas que puidesen corresponderlle como beneficiario, no seu caso, da subvención concedida. • Que non pertence, como socio ou membro directivo, a outra entidade asociativa que teña recibido ou vaia a solicitar subvención á Concellaría de Xuventude. - Que non está incurso nas circunstancias que figuran no art. 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
e)	<u>Certificado orixinal da entidade bancaria</u> indicando o Código de Conta Cliente (CCC, de 20 díxitos) da conta bancaria do representante responsable do grupo no que se realizará, no seu caso, o ingreso da subvención concedida.
f)	<u>Proxecto detallado do programa de actividades</u> que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, axúntanse no <u>anexo 3</u> . <u>Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto, que deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.</u>
g)	<u>Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do orzamento total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver modelo anexo 3b.</u>
h)	<u>Declaración conxunta de todos os membros do grupo</u> na que se explique o acordo de todos para nomear a un representante (Nome e apelidos e DNI) e na que se acepte que o ingreso, no seu caso, do importe da subvención concedida realizarse na conta bancaria que se especifique. Esta declaración deberá ir asinada por todos os membros do grupo.

DÉCIMO SEGUNDA.- RECTIFICACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da LSG sobre emenda da solicitude e, no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente Diario Oficial, anunciada na prensa local con referencia ao Boletín Oficial no que aparece publicada, e na páxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Publicidade das subvencións concedidas.

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente Diario Oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da

convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web www.vigo.org e exposto no taboleiro de anuncios do Concello.

Publicidade do financiamento público.

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en todas as actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Xuventude– Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Xuventude será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Xuventude, o xefe de Servizo da Área de Xuventude e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Concellería de Xuventude, como órgano instrutor, elevará informe de concesión coa proposta de resolución das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada que será a encargada de aprobar a proposta de resolución correspondente.

Así mesmo en previsión do artigo 21.4, parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos para acceder a elas.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase aos solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses. Transcorrido este último prazo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión e así

mesmo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo en aplicación e amparo do artigo 116.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas, no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito á Concillería de Xuventude a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Segundo o disposto no artigo 27.2. LSG apartado segundo, “os/as beneficiarios/as unicamente poderán subcontratar total ou parcialmente a actividade cando a normativa reguladora da subvención así o prevexa”.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

Os/ as beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionado a través do Rexistro do Concello nos 20 días naturais posteriores a comunicación oficial da concesión de subvención e, así mesmo, o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. En todo caso, as subvencións deberán xustificarse dentro do ano 2014 e o prazo de xustificación deberá ser antes de rematar a segunda semana de decembro de 2014. (Artigo 12, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e Base 38ª.11 das de Execución do Orzamento de 2013)

Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención.

Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto xuvenil como económico (Incluíranse o datos referentes aos gastos e ingresos reais xerados polos evento distribuídos por conceptos).
- Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura nos anexos 7,8,9,10 adxuntos destas Bases:

A7	Relación de facturas presentadas como xustificación.
A8	Certificado da veracidade das actividades realizadas.
A9	Certificado actualizado das subvencións concedidas ou recibidas doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.
A10	Declaración responsable do solicitante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria, Concello de Vigo e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social, (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).
11	No seu caso, <u>certificado da Axencia Tributaria de exención do IVA.</u>

- Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto subvencionado polo importe subvencionado, en relación co apartado ou apartados para o cal está destinada a axuda coas seguintes especificidades:

1º.- *As facturas serán orixinais polo importe da subvención outorgada e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.*

2º.- *Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Impoñible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.*

3º.- *Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporárase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.*

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES.

A axeitada xustificación da realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención serán comprobadas polos servizos da Concellería de Xuventude e emitírase informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencions.

DÉCIMO NOVENA.- PAGAMENTO.

O aboamento das subvencions efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencions de Galicia.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIONES.

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento, por parte da beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; a obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- RÉXIME DE RECURSOS

Tanto as bases e a convocatoria como cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

VIXÉSIMO TERCEIRA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2013, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

32(355).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA AO ABEIRO DA ORDE DO 12.03.14 PARA A MELLORA DO MERCADO MUNICIPAL DO BERBÉS. EXPTE. 632/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Comercio, (p.e. o enxeñeiro municipal), do 9.04.14, conformado polo concelleiro delegado da Área de Comercio, que di o seguinte:

Antecedentes:

No DOG número 56 do 21 de marzo de 2014 publicouse a Orde do 12 de marzo de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013.

En data 7 de abril de 2014 o Concelleiro Delegado da Área de Comercio ordenou incoar o preceptivo expediente para solicitar a devandita axuda en relación ás obras de remodelación do Mercado do Berbés.

O artigo 4.3 apartado a) das Bases reguladoras para a concesión das subvencións aos Concellos galegos, que figuran como Anexo I á devandita orde, establece como requisito que, xunto coa solicitude, se achegue a certificación do acordo de aprobación polo órgano municipal competente do proxecto de investimento, así como o acordo da solicitude de subvención coa súa contía exacta e do plan de financiamento do proxecto.

En data 17 de outubro de 2012 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o proxecto redactado pola empresa Galaicontrol para a remodelación do Mercado do Berbés cun orzamento base de licitación de 2.200.000 euros, o que constitúe a aprobación do proxecto de investimento.

En data 12 de xuño de 2013 a Xunta de Goberno Local aprobou a modificación das anualidades da obra de remodelación do Mercado do Berbés de acordo coa seguinte táboa:

Ano:	2012	2013	2014	TOTAL
Importe:	478 250,25	181 053,04	1 084 603,81	1 743 907,15

o que constitúe o plan do financiamento do proxecto, segundo o cual neste ano 2014 investiranse na obra un millón oitenta e catro mil seiscientos tres euros con oitenta e un céntimos.

Parte expositiva:

Ao obxecto de dar cumprimento ao artigo 4.3 apartado a) das Bases reguladoras para a concesión de subvención aos Concellos galegos referida na Orde do 12 de marzo de 2014 da Consellería de Economía e Industria é necesario que, previamente á presentación da solicitude, o órgano competente aprrobe esta coa contía exacta.

Dado que o plan de financiamento prevé para o ano 2014 un investimento de 1 084 603,81 euros e que a porcentaxe subvencionable acadará o 75% do investimento, cun máximo de 150.000 euros de subvención, o importe da obra a executar este ano como mínimo debería ser de 200.000 euros para que a contía da subvención fose a máxima posible.

Porén e atendendo ás previsións da aprobación do orzamento municipal do Concello de Vigo para o ano 2014 así como as distintas fases da obra a executar no tempo que resta deste ano, vese conveniente axustar esta anualidade á 300.000,00€ para o que se precisaría un prazo de execución de cinco meses adaptado aos prazos de xustificación da subvención.

Polo anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

1. Aprobar a solicitude de subvención a presentar polo Concello de Vigo ao abeiro da Orde do 12 de marzo de 2014 publicada no DOG número 56 do 21 de marzo polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións aos Concellos galegos para a mellora dos mercados municipais e prazas de abastos, así como dos espazos do comercio non sedentario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, convocadas para o ano 2014, en relación ás obras de remodelación do Mercado do Berbés por un importe de 150.000 euros de subvención correspondente a un 50% do importe a executar de 300 000 euros nesta anualidade 2014.
2. Nomear ao concelleiro delegado da Área de Comercio D. Ángel Rivas González, asistido polo funcionario Xefe do Servizo de Comercio, como representante do Concello de Vigo para este acto.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(356).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.